

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA  
CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015**

<b><u>ASISTENTES</u></b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b><u>ALCALDESA:</u></b>	
D <sup>a</sup> Leticia Santos Paz	BNG
<b><u>CONCELLEIROS/AS:</u></b>	
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> Coral Ríos Santomé	BNG
D. Abel Pérez Guardado	BNG
D <sup>a</sup> Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D. Aldán Santamarina Corral	BNG
D <sup>a</sup> Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. Salvador Meira Corrales	PS de G-PSOE
D. Ezequiel Fernández Cancelas	PS de G-PSOE
D. José Fervenza Costas	PP
D <sup>a</sup> . María Estela Santomé Freire.	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D <sup>a</sup> Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Antonio Sánchez Carneiro	PP
D. Francisco Javier Carro Piñeiro	XM
<b><u>SECRETARIO:</u></b>	
D. Adamantino Barreiro García.	
<b><u>AUSENTES:</u></b>	
D. José Manuel Juncal Gallego.	PP

En Moaña, o 24 de setembro de 2015, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión. Escusa a súa asistencia o concelleiro D. José Manuel Juncal Gallego.

**ORDE DO DÍA**

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

2º.- Información sobre o cumprimento

ou estado da xestión das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas.

3º.- Resolucións da Alcaldía.

4º.- Ratificación da resolución da Alcaldía sobre representante do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

5º.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014.

6º.- Resolución das alegacións e aprobación definitiva do ROM.

7º.- Moción da asociación pola defensa da ría e a plataforma pola defensa da ría de Vigo Cíes sobre o uso de herbicidas.

8.- Moción do grupo municipal do PP para creación de punto de encontro en Moaña.

9º.- Moción do grupo municipal do PP para adhesión de Moaña a rede de cidades amigables coa idade.

10º.- Moción da Coalición Independente por Moaña para creación dunha comisión de seguimento das mocións aprobadas.

11.- Moción do BNG e PSde G-PSOE sobre os refuxiados.

12º.- Rogos e preguntas.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

A Sra. presidenta dá conta do borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 30 de xullo de 2015, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a mesma.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete, acordan aprobar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2015.

### **2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS**

A Sra. alcaldesa dá conta da moción presentada pola Plataforma SOS sanidade pública defendida polo BNG no último Pleno correspondente á sesión ordinaria do 30/07/2015, sobre as demandas ao novo Hospital de Vigo, indicando que se remitiu ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade. Informa así mesmo, que no tema do transporte mantivéronse reunións coa Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia para conseguir o transporte directo ao novo hospital, tamén convocouse a mesa da sanidade e participamos na manifestación que se celebrou o pasado día 3 de setembro.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

### **3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 362, do 27/07/2015, e a número 535 de data 22/09/2015.

A Alcaldesa indica que na quenda de rogos e preguntas dará resposta as preguntas feitas sobre algunhas resolucións no pasado Pleno.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

### **4º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTE DO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA.**

A Alcaldesa da lectura a Resolución número 499/2015 de data 10/09/2015 que literalmente di:

*«Representación local Consello Territorial Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra  
Recibiuse oficio do presidente do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra no que solicita comuniquemos o nome do concello que propoñemos para que ocupe a vogalía que lle corresponde á sección 2º -na que está inscrito o Concello de Moaña-. Achega relación dos diferentes concellos cuxa poboación de dereito é igual ou inferior a 20.000 habitantes do ámbito do Consello Territorial de Pontevedra, entre os que figura o Concello de Moaña.  
Visto o artigo 14 do RD 417/2006, de 7 de abril, e a Orde EHA/2386/2007 de 26 de xullo, e dado que de resultar elixido o Concello de Moaña deberá designar á persoa que formará parte do Consello Territorial da*

*Propiedade Inmobiliaria –nomeamento que debe realizar o Pleno consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986,*

*Consonte as atribucións que me corresponden segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, o RD 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia local,*

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** *Propoñerlle ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra como vogal da súa sección 2ª ao CONCELLO DE MOAÑA.*

**Segundo:** *Someter ao Pleno corporativo a ratificación desta Resolución, quen propondrá representante para o caso de resultar elixido o Concello de Moaña como vogal de dito Consello.*

**Terceiro:** *Comunicar a presente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas – delegación de Economía e Facenda de Pontevedra»*

➤ Intervén Don Antonio Sánchez quen manifesta que este tema non se tratou na Comisión celebrada o outro día. Indica que o seu grupo se absterá por tal motivo.

➤ A Sra. Alcaldesa indica que lles foi entregado coa orde do día do Pleno en tempo e forma coa convocatoria e se lles mandou ao correo que teñen designado como Grupo Municipal.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acordan ratificar integramente a Resolución número 499/2015 de data 10/09/2015, anteriormente transcrita, relativa a proposta de representante como vogal da sección 2ª no Consello Territorial da Propiedade de Pontevedra ao Concello de Moaña.

## **5.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.**

A Sra. Alcaldesa propón a aprobación da Conta Xeral do Concello de Moaña e do Padroado correspondente ao exercicio 2014.

➤ Intervén don Odilo Barreiro que manifesta o Grupo do BNG por responsabilidade de goberno imos votar a favor do que aparece como ingreso é ingreso e que aparece como gasto foi gasto. Si tivéramos que votar a política económica que se desenvolveu durante os anos 2014, 2013, 2012 e parte do 2011 non poderíamos votar a favor. Non houbo orzamentos durante eses anos e se incumpriron todas e cada unha das medidas incluídas no Plan de Axustes aprobado que presentou o goberno anterior. Polo tanto como non se xulga a política económica desenvolvida en eses anos, simplemente é si suman os números se cadran, por esa responsabilidade de goberno, imos votar a favor.

➤ Dona Marta Freire indica que o Grupo Socialista vai a apoiar a aprobación da conta, pero isto non quere dicir que estamos apoiando a política económica de catro anos sen orzamentos. O que imos votar aquí é simplemente un informe técnico que se axusta aos gastos e ingresos deste Concello, non a política económica do anterior goberno.

➤ Dona Rosa Solla indica que polo menos van aprobando algúns dos informes que se presentaron e recorda que a conta do 2010 tampouco a aprobaron aínda que fora súa, e as contas económicas dende 2005 non son moi boas que digamos. Nos por suposto que vamos a votar non faremos como vostedes fixeron non aprobando as contas que vostedes deixaron, senón que vamos a aprobalas. Esperemos que vostedes sexan uns xenios como nos queren vender a todos e a ver que saen destes catro anos próximos.

➤ Don Francisco Javier Carro indica que supón que o estado de contas que se presenta está feito polo interventor, por un técnico municipal, estes orzamentos.

➤ A Sra. Alcaldesa indica que non é un orzamento. Non os presentamos nos, o presenta a Interventora.

➤ Don Francisco Javier Carro indica que hai varias cousas que non lle casan aínda que non é matemático. Indica que o gasto de persoal é do 57,60 % respecto ao total. E antes, na anterior lexislatura, onde había tamén o bipartito, significaba tamén un 58,70%. Na débeda coas entidades de crédito hai, a longo prazo, 1.441.613 euros, e a curto prazo 363.684. Pregúntase onde se engloba a partida de gastos financeiros, instando a Don Aldán a contestar, como Concelleiro de Facenda. No apartado de amortización de inmovilizado material, unha vez descontados os terreos, si se dotase a amortización dun porcentaxe segundo a vida útil dos diferentes bens, o resultado final tería que ser negativo, e dálles positivo. Sinala que a construción ten que ter un 2% menos porque o marca a lei, e os vehículos terían que ter polo menos un 16%, e o mobiliario, de material, ten que ter un 10%, e o demais tería que ter entre un 10 e un 15%, entón daría negativo, e eles están poñendo un saldo totalmente positivo, polo tanto as contas neste balance non lle casan, Se a débeda total, por exemplo, nestes momentos no balance é de 6.586.000 euros, máis os 4.820.000 que veñen despois, o saldo de débeda do Concello é de 11.400.000 aproximadamente, 4.000 euros arriba, 4.000 euros abaixo, pero sen contar as facturas non recoñecidas a 31/12/2014, e sería un par de millóns máis de euros, entón estaríase falando aproximadamente de 13, 14 millóns de euros. A débeda do presuposto anual vai por moi mal camiño. Se a idea do equipo de Goberno, polas trazas que se están levando nestes momentos, vai ser prorrogar os orzamentos do 2.011, solicitaría unha auditoría externa das contas do Concello e a todos os departamentos, non só a un. No que respecta ao balance, a conta, a 201 en infraestructuras e bens destinada a uso xeral se incrementa en 72.471, e quixera saber en que se investiu. Na conta 215, onde pon capitacións informáticas, se incrementou en 21.296 euros, e pregunta que significa iso, que se comprou un programa para o Concello por 21.000 euros?. Na conta 221, pertencente a construcións, incrementábase no ano 2.014 en 24.882,56 euros, e quería saber cal foi o destino deste incremento. Pasa igual, por exemplo, na conta 220, que é de terreos, auméntase en 3.972, e quería saber que terreos se comprou, entón a vista de todo o anterior, o investido no ano 2.014 foi 72.471 por un lado, 21.296 por outro lado, 24.882,56 por outro lado, 3.972,20 por outro lado, o que fai un total de 122.621,87, isto supón que de 8.828.795,55 euros, destináronse a investimento simplemente 122.000 euros. No capítulo 6, no 2013, a débeda a longo prazo do Concello era de 7.087.799 euros, e pasa a ser no ano 2014 de 6.576.112 euros, presupostarios e non presupostarios, que sen embargo o anterior suma a partida de acredores, é dicir que estamos baixando a débeda a longo prazo, estámola subindo a curto prazo, ou sexa non temos cartos, temos unha débeda grande e poñemos a pagar menos dentro dun ano ou dous anos en vez de poñela a 10 ou 12 anos, querendo dicir que se está a pagar aos bancos e non ás empresas que prestan servizos ao Concello. Quixera saber tamén a que se debe que a partida de pasivo referidas as contas 521, 523 e 527 fora minorada en 637.207,89. Pregúntase co plan de pagos que hai, van ser capaces de pagar intereses aos bancos e aos provedores, pregunta que se lle de resposta. Respecto ao que dicía Dona Marta Freire, no ano 2.011 o gasto en persoal era 58,97, superior nun punto a este. Propón un plan exhaustivo, pasando por un importe xeneralizado en todas as áreas do Concello renunciando a cobrar nas comisións, propoñendo tamén non cobrar por ir, que están ao servizo do pobo e non lle importa perder unha hora aí. Propón renunciar a cobrar 27 euros por 10 minutos de actuación. Entre as propostas que van facer cando se presenten os novos orzamentos será reducir dun 25 ou 30 % dos que teñen dedicación exclusiva, e que os demais non concelleiros non cobren un só euro, e partir de aí unha redución dun 10% do persoal porque moitas veces temos moita xente.

➤ Don Odilo Barreiro contesta ao Sr. Carro dicíndolle que fixo os deberes pero a destempo. Que tivo unha comisión en agosto onde puido consultar calquera aspecto da conta xeral do 2.014, habendo un prazo de exposición pública onde puido facer todas as alegacións para que lle contestara pero como comprenderá non lle vai contestar a unha soa pregunta sobre un aspecto do

que non teñen ningunha responsabilidade. Propón cederlle a palabra responsábel desta conta xeral, a Concelleira de Facenda nese ano. Respecto a outros temas poderá facer as aportacións no seu momento. Teña en conta que o Goberno son eles e é a súa responsabilidade facer os orzamentos, co compromiso de facelos participativos, e aínda así acollerán con ilusión e simpatía calquera achega realizada; ofrecéndose a doar parte do tempo da súa intervención.

➤ Dona Rosa Solla indica que si lle ceden o posto está disposta a responder ao Sr. Carro pero quen debe render é quen está gobernando, non ela, se se esixe dicirlle algo á interventora, ou a alguén, máis, irei, pero quen Goberno é o quen ten os datos. Non se ocultou nada e está todo aí, se queren que digan que non saben, por exemplo, o programa informático, os terreos, ou edificios, pero que non digan que ten ela que dar a explicación, a explicación dana quen goberna, neste caso o Concelleiro, ela non ten que responder nada ao Sr. Carro senón eles, o equipo do Gobernos o cal, se non quere estar aí, non están habituados, non pasa nada, poden deixar o Goberno e deixar paso a quen poida facer as cousas, que cobran moi ben. O que goberna é o que debe dar as explicacións. Eles fixeron as cousas moi claras. Se non saben que o digan que o próximo Pleno, ou se lles pasarán un informe dende Intervención onde se lles diga todo, pero que non digan que ten que dicir ela porque entón cámbialles o posto. Si eles se teñen que dar unha explicación darana onde corresponda cando llo pidan, pero non van a dar unha explicación nun Pleno porque son deste goberno, e insta a que o fagan un pouco a quen está cobrando por iso.

➤ Dona Marta Freire di alegrarse de que Dona Rosa recuperara a palabra, e explica como a mesma estivo muda catro anos sen dar explicación de ningún tipo en materia de Facenda, e polo menos fala hoxe neste Pleno, non sendo o problema que ten Dona Rosa en vir a dar explicacións, senón que o problema que ten é que non coñece as contas do seu Goberno, ese é o problema.

➤ Intervén Dona Rosa Solla e indica que esta dando a entender que o equipo do Goberno non os sabe tampouco.

➤ Dona Marta Freire lémbraalle á don Rosa Solla que está na súa quenda de palabra, e que mentres el falou, ela estivo calada. Reitera que o problema non é que non queira, senón que non coñece as súas contas, que poderá maquillar a cuestión como sexa. En catro anos estivo de paso, sen ser capaz de presentar orzamentos nin cumprir o plan de axuste e os informes de Intervención indicaban como estaba cometendo negligencia no gasto, e aparece neses informes, e sinala que esa é a realidade do seu Goberno e da Conta. Ao Sr. Carro, indícalle que comparte algunha das cuestións que o mesmo expuxera, como o tema de que o mobilizado material non aparece aparte da amortización, e seguramente na contabilidade privada é obrigatorio que apareza, na contabilidade pública a día de hoxe a Lei de Facenda locais non prevé que as amortizacións do inmovilizado se contemplen dentro da conta xeral. Indica Dona Marta como estaría de acordo co Sr. Carro en que se contemplara e apareceran nesta conta, a Interventora reflicte o que lle marca a Lexislación. Dende o grupo socialista sempre demandouse que a conta reflectira a realidade económica total do Concello pero é unha decisión dun técnico e unha decisión da interventora que se recolle e non é decisión do Goberno, nin do de agora nin do de antes. No tema do persoal, está no 57,6 e antes era do 58, tamén houbo unha modificación de dúas prazas durante este Goberno, por iso houbo esa minoración, que debeu ser maior segundo se contemplaba dentro do Plan de axuste. Dende o Partido Socialista na campaña, ao igual que o BNG, dixemos que os orzamentos se van facer sempre dunha forma participativa, e os investimentos que se fagan neste Concello vanse decidir nos Consellos parroquiais. É unha proposta do Goberno, somos quen nos gobernamos, a xente nos elixiu para que gobernáramos e vai ser así.

➤ Interrompe o alboroto bno Salón,

➤ A Sra. Alcaldesa chama á orde.

➤ Continúa Dona Marta: Polo tanto, as achegas que tiñan que facer os distintos grupos políticos que están representados para o orzamento tamén serán ben recibidas. Engade que é verdade que este Concello consume unha maior parte do seu orzamento en gastos de persoal, pero teñen que saber que para poder modificar gastos dese tipo cómpre modificar o Convenio que existe neste Concello e a catalogación do persoal, cousa que non se fai en 2 meses, nin en 3, nin en 4. Hai que establecer un prego de negociación, tal como manda a Lexislación, hai que establecer a negociación dentro do Comité do persoal co propio Concello, polo tanto dubida que nos próximos orzamentos que se aprobarán para 2.016 esta cuestión poda ser tratada, por tempo e por que haberá que analizala para decidir si é conveniente ou non para o Concello. No tema dos plans de pago que se falaba, este Goberno, cre que fixo avances importantes no tema do cambio da xestión económica, por primeira vez debateuse un plan de pago rigoroso, negociado, no que se establece unha relación por orde das facturas, dando tamén prioridade a aqueles provedores que traballan directamente co Concello, ao igual que hai que pagar tamén a parte da débeda financeira, que permitiu pagar aos provedores, polo tanto imos ser rigorosos e esperan que sexa coherente con tal cuestión, hai que pagar tanto a bancos como a provedores, e o plan de pago ten que ser efectivo e levarse a cabo.

➤ Intervén a Sra. Alcaldesa para recórdalle a todos os grupos que na Comisión especial de contas que se celebrou o 5 de agosto deste mesmo ano cos seguintes concelleiros presentes: Aldán Santamarina, Abel Pérez, Ezequiel Fernández, Salvador Meira, José Manuel Juncal, Raquel Carro, Estela Santomé, Francisco Xabier Carro, aparte dela mesma, aprobouse por unanimidade a Conta Xeral para que puidera ser publicada. Informouse favorabelmente dita Conta Xeral para que se expuxera ao público na forma regulamentaria e transcorrido o prazo de exposición ao público se remitisen coas reclamacións se as houbera, debidamente informados, ao Pleno da Corporación. Non houbo ningún tipo de reclamación durante o prazo de exposición ao público. Cre que convén puntualizar que isto foi informado e ditaminado nunha Comisión especial.

➤ O Sr. Carro informa estar de acordo, nos tres primeiros meses cando se deu conta, eles non estaban, e houbo que ir a Intervención a solicitar un Informe dos gastos, e votar a favor ou en contra non implica nada, como saben, e non implica a posteriores. Recorda a anterior Corporación, na que estaban vostedes gobernando, é dicir, no día 06/08/2009 aprobouse neste Pleno o Catálogo para distintos postos do Concello. Non recorda se estaba don Odilo Barreiro ou non. Tiñan a unha persoa avogada laboral contratada ilegalmente, e que vai defender ao Concello ou vai defender aos traballadores que están contratados ilegalmente dende o ano 2.006, que lle contesten. E a organizadora que está no Concello, a orientadora laboral, que esta no Concello contratada exactamente ilegalmente, ou sexa, incluso a orientadora laboral, a que ten que informar aos traballadores do Concello, está en nómina ilegalmente, con contratos prorrogados cada 6 meses, e non o di el, o Tribunal de Contas do Tribunal de Galicia o está dicindo, así que non se pasen con Gobernos anteriores, e se non teñen o documento do Tribunal de Contas, el llo pasa, ea psicóloga exactamente o mesmo.

➤ Dna Leticia solicita concreción. Indícalle ao Sr. Carro que están a falar da Conta, non do Catálogo, Engade que nin a orientadora laboral, nin a psicóloga do Concello, nin a avogada están para asesorar aos traballadores unicamente, senón aos veciños, e que si mirase ben o Catálogo vería que iso non é así.

➤ O Sr. Francisco Javier Carro indica que non o di el, dino o Tribunal de Contas. Non sabe si era Rosa ou Pepe que estaba naqueles momentos como Concelleiro de Facenda do Concello de Moaña, non se fixeron alegacións aos presupostos. O considera triste, e pide que se recoñezan eses erros.

Sometido o tema a votación, é aprobado por quince votos a favor, os do PP, BNG e PsdeG-PSOE, e unha abstención, a de Independentes de Moaña, a conta xeral do Concello de Moaña e do Padroado Beiramar do exercicio 2014.

## **6º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ROM.**

A Sra. Alcaldesa da lectura a súa proposta que literalmente di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM)**

*O Pleno do concello en sesión celebrada o día 03/07/2015, aprobou inicialmente a Modificación do Regulamento Orgánico Municipal (ROM). No boletín oficial da Provincia número 145 de data 30/07/2015, publicouse o edicto de información pública polo prazo de trinta días hábiles, durante o cal presentaron alegacións o voceiro do Partido Popular, don José Ferverza Costas con data 03/09/2015, así como, con data 03/09/2015, Dona M<sup>a</sup> Victoria Lemos Otero, don Manuel Lemos Rial, dona María Otero del Río, dona Eugenia Otero del Río, don Christian del Río Santiago, dona Isabel Santiago Costa, don Manuel del Río del Río, dona Luísa Cobas Paredes, e dona Sheila Fernández Cobas.*

*Con data 18/09/2015 emitíuse informe polo Secretario da Corporación no que se estudan as alegacións e se indica que os preceptos obxecto de alegacións, axústanse á normativa vixente.*

*Por todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas con data 03/09/2015 polo voceiro do Partido Popular, don José Ferverza Costas así como as presentadas con data 03/09/2015 por Dona M<sup>a</sup> Victoria Lemos Otero, don Manuel Lemos Rial, dona María Otero del Río, dona Eugenia Otero del Río, don Christian del Río Santiago, dona Isabel Santiago Costa, don Manuel del Río del Río, dona Luísa Cobas Paredes, e dona Sheila Fernández Cobas, por axustárense os preceptos do Regulamento Orgánico Municipal á normativa vixente.*

*SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación do Regulamento orgánico municipal (ROM).*

*TERCEIRO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do texto do Regulamento Orgánico Municipal.”*

➤ Dona Raquel Carreo indica que presentaron como grupo unhas alegacións, e tamén uns veciños de Moaña. Explica que as súas alegacións son para conseguir un equilibrio das forzas entre o Goberno e a oposición para evitar que se deixe a oposición sen instrumentos de control e participación, e polos uso dos recursos municipais, co fin e acabo son os recursos de todos os moañeses, consolidación de participación cidadá e maior esclarecemento do papel que xogan os veciño/a-s. Indica que lle parece forte que non respecte as alegacións dos veciños de Moaña, porque cre que ela é a Alcaldesa de todos os veciños de Moaña, cre que só lles interesa ao final de mes cobrar o seu soldo que acordaron vostedes, non lle preguntaron aos veciños si estaba ben ou mal, non se preocupan de que hai familias en Moaña que están pasando necesidades a final de mes. Teñen unha nómina algo desorbitada, e pensa que a Alcaldesa é a que representa a todos os moañeses, neste caso só está vendo os intereses propios. Houbo uns veciños que montaron un Comedor social e por parte do Goberno non viu ningún afán de axudarllos nesta cuestión. Pregunta cales son as medidas que se van tomar.

➤ A Sra. Alcaldesa insta á Sra. Raquel Carro a que iso llo pregunten nas Comisións Informativas, tiveron a última, de Servizos Sociais, na que e estivo ela mesma onde se tratou o tema do Comedor Social. Non se solicitou a axuda polos trámites oficiais, e o Concello debe outorgar as axudas con ditos trámites. Engade que no grupo da Sra. Raquel Carro están acostumados a “outra cuestión”, e dende o grupo do Goberno non. Por outra banda, repite o dos salarios, porque o outro

día, en rogos e preguntas, volveu saír, o teñen moi recorrido. Indica que o Concello de Moaña polos habitantes que ten podería ter ata 7 dedicacións exclusivas e ata 50.000 euros brutos anuais.

- Interrompen murmurios.
- Continúa a Sra. Alcaldesa indicando que os seus salarios son para tres persoas que están traballando no Concello con dedicación exclusiva, exclusiva pero de verdade, non como outros Governos que tiñan dedicacións pero non pasaban polo Concello.
  - Interrómpenlle murmurios e pregúntanlle se pode demostrar tal punto.
- Continúa a Sra. Alcaldesa e indica que o confirma e demostra coa cantidade de expedientes que quedaron pendentes na área do Concelleiro do antigo equipo cuxa inacción era manifesta, engadindo, tras volver ser interrompida, que non sabe porque, se non facía nada, por que cobraba. Sinala que no tema dos salarios "desorbitados" dos que falan, non acadan, no seu caso concreto, os 1.900 euros netos ao mes, e o seu salario inclúe 24 horas de dedicación 365 días ao ano, cando na empresa na que traballaba a súa percepción era superior segundo a porcentaxe do traballo que se fai no Concello, e isto sen falar da responsabilidade, cousa que os outros non asumiron. Para que a política se preste por cidadáns que veñen a traballar para un Concello e para os seus veciños, ten que estar remunerada acorde á responsabilidade, sendo unha irresponsabilidade, como maneira populista, fixarse un salario que todos saben que é irreal para buscar, ao mellor, recursos por outros lados. Habendo xente que combina, no partido da oposición, o seu salario de cargo político con outros que non son, digamos, "compatibles", o cal é demostrábel. Sabe que é este un tema acaído que á oposición gústalle sacar en cada oportunidade, pero un traballador que ten que deixar o seu traballo para vir facer un traballo público que leva responsabilidade ten que ter unha remuneración acorde ao cargo que ostenta. Indica que hai cartos tamén para os componentes do grupo da Oposición que acoden catro días ao mes máis un día de Pleno, e perciben o mesmo salario que os seus compañeiros do equipo de Goberno que non teñen dedicación exclusiva e non se queixan, e segan facendo populismo se queren.
- A Sra. Alcaldesa, chamando á orde, dálle a palabra ao Sr. Carro quen non pode facer uso dela debido ás interrupcións,
- Don Francisco Javier Carro indica que isto é un "galiñeiro" e pide que se garde orde.
- Dona Raquel Carreo pide que se voten por separado.
- A Sra. Alcaldesa indica que na proposta está contemplado conxuntamente, solicitando ao Secretario que aclare se iso é posíbel,
- O Secretario responde que están, no mesmo punto, conxuntamente, aprobar definitivamente a modificación e rexeitar as alegacións.
- A Sra. Alcaldesa indica que os Informes Xurídicos que o Sr. Secretario fai falan de que non proceden esas alegacións, non só esa, tamén outras aínda que non tan populistas. Teñen o Informe do Sr. Secretario e teñen a Proposta da Alcaldía, podendo absterse na votación ou o que consideren, pero hai que votar a Proposta tal como está redactada.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor, os do BNG, PSdeG-PSOE, e Coalición Independente por Moaña XM, e non exercendo o voto os seis membros do PP presentes (nin a favor, nin en contra nin se absteñen), dun total de dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:



PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas con data 03/09/2015 polo voceiro do Partido Popular, don José Fervenza Costas así como as presentadas con data 03/09/2015 por Dona M<sup>a</sup> Victoria Lemos Otero, don Manuel Lemos Rial, dona María Otero del Río, dona Eugenia Otero del Río, don Christian del Río Santiago, dona Isabel Santiago Costa, don Manuel del Río del Río, dona Luísa Cobas Paredes, e dona Sheila Fernández Cobas, por axustárense os preceptos do Regulamento Orgánico Municipal á normativa vixente.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación do Regulamento orgánico municipal (ROM). (se inclúe o texto íntegro no anexo)

TERCEIRO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do texto do Regulamento Orgánico Municipal.”

## **ANEXO**

### **REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA (ROM)**

O presente Regulamento orgánico municipal está composto de nove capítulos, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

#### **CAPÍTULO I: DO REGULAMENTO**

**ARTIGO 1º:** O presente regulamento dítase en virtude das atribucións que a lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, outorga ás entidades locais e ten por obxecto regular o estatuto dos/as membros da corporación, así como a organización e funcionamento dos órganos básicos e complementarios que nela se establecen.

**ARTIGO 2º:** Para todo o non previsto neste regulamento, estarase ao disposto con carácter xeral no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Lei de entidades locais de Galicia e calquera normativa xeral, que poida ser de aplicación.

**ARTIGO 3º:** Este regulamento só poderá ser modificado e interpretado polo Pleno da Corporación, en todos e cada un dos seus artigos.

#### **CAPÍTULO II: DOS/DAS CONCELLEIROS/AS**

**ARTIGO 4º:** Todo/a concelleiro/a ten dereito á libre expresión e non poderá ser interrompido/a, salvo que incorra nos seguintes supostos:

- a) Reiteración do exposto, e
- b) Cando non se axuste ao tema que se está a tratar.

**ARTIGO 5º:** Todos/as os concelleiros/as teñen dereito ao exame de calquera documentación ou expediente, desde a súa entrada polo Rexistro do Concello, mediante solicitude por escrito diante do secretario xeral, polo que se lle facilitará a súa copia. O/a concelleiro/a será responsable diante do Pleno da Corporación do uso indebido que puidese facer da devandita documentación.

**ARTIGO 6º:** Todos/as os/as concelleiros/as, a través de comunicación individual ou a través do/a seu/súa voceiro/a do grupo municipal ao que pertencen, serán convidados/as aos actos oficiais que organice o Concello.

**ARTIGO 7º:** Nas sesións, os/as concelleiros/as tratarán de situarse agrupados pola súa pertenza a grupos políticos, constituídos de acordo coa lexislación vixente.

**ARTIGO 8º:** De acordo co art. 74.5 da Lei da administración local de Galicia, ningún membro da Corporación poderá integrarse ao longo do mandato nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente. Caso de abandonar o seu grupo, pasa a integrarse no grupo de non adscritos.

**ARTIGO 9º:** Aos grupos municipais facilitaráselles o uso das instalacións municipais para o desenvolvemento da súa actividade, así como dun local axeitado. En todo caso, facilitaráselles

unhas infraestruturas mínimas de medios materiais, sempre que as condicións o permitan.

**ARTIGO 10º.:** Os distintos grupos poderán ter persoal propio ao seu servizo, aínda sendo alleo á Corporación, que poderán traballar no seu local, tras a comunicación e autorización da Alcaldía.

### **CAPÍTULO III: DO PLENO DO CONCELLO**

**ARTIGO 11º.:** O Pleno realizará sesións ordinarias o último xoves de cada mes ás 20:00 horas. Se fose festivo, realizarase o día anterior, sempre e cando sexa hábil. Deberá ser convocado cando menos con dous días hábiles de antelación á súa realización, debendo estar os expedientes completos cos asuntos que haxa que tratar a disposición dos/as concelleiros/as no mesmo prazo. Non obstante, e por causas xustificadas, o/a alcalde/sa poderá convocalo para día distinto do fixado, comunicando esta circunstancia aos/ás voceiros/as.

**ARTIGO 12º.:** O Pleno da Corporación realizará sesión extraordinaria cando o decida o/a presidente/a ou o soliciten cando menos a cuarta parte do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida solicitar máis de tres anualmente. O/a alcalde/sa convocará o Pleno nos cinco días seguintes á solicitude e a súa realización non poderá demorarse por máis de 15 días hábiles desde que fose solicitado, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os/as solicitantes da convocatoria. Os plenos extraordinarios deberán realizarse en día hábil a partir das 20.00 horas, non sendo que medie acordo distinto de todos/as os/as portavoces.

Se o/a presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros/as indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do dito prazo, ás 12.00 horas, o que será notificado polo secretario da Corporación a todos os membros desta.

**ARTIGO 13º.:** As sesións plenarias convocaranse polo menos con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que teñan carácter urxente, caso no que a convocatoria deberá ser ratificada polo Pleno. En todos os casos, remitiráselles aos/ás concelleiros/as a orde do día dos asuntos que se van tratar.

A documentación dos asuntos que se van tratar na orde do día do Pleno estará a disposición dos/as concelleiros/as en Secretaría, e deberá contar co informe previo da Comisión Informativa correspondente, excepto aqueles asuntos urxentes, a urxencia dos cales deberá ser ratificada polo Pleno da Corporación.

**ARTIGO 14º.:** Na orde do día dos Plenos incluíranse aqueles asuntos ou mocións propostas polos diferentes grupos municipais.

As mocións deberán presentarse con suficiente antelación para ser coñecidas pola Xunta de Portavoces previa convocatoria do Pleno. As preguntas e rogos deberán presentarse por escrito con cinco días de antelación e as urxentes poderán formularse no Pleno para ser contestadas na propia sesión ou por escrito nun prazo de 15 días e con resposta dirixida ao/á concelleiro/a interesado/a.

**ARTIGO 15º.:** Os concelleiros/as que desempeñen delegacións da Alcaldía deberán render contas da xestión das súas áreas cando así o requira polo menos a cuarta parte dos membros da Corporación. A solicitude de comparecencia será remitida ao/a alcalde/sa con dez días de antelación ao Pleno ordinario, quen a incluírá na orde do día da seguinte sesión ordinaria, notificándoa ao/á concelleiro/a-delegado/a interesado/a cun mínimo de cinco días de antelación.

**ARTIGO 16º.:** Os plenos poderán interromperse para escoitar a veciñanza (colectivos veciñais) naqueles temas que lles afecten e estean contemplados na orde do día, sempre segundo o disposto no Regulamento municipal de participación veciñal.

**ARTIGO 17º.:** O/a presidente/a da Corporación fará de moderador/a dos debates, de acordo co presente regulamento.

**ARTIGO 18º.:** O/a alcalde/sa dará conta das resolucións e decretos que emita no primeiro Pleno ordinario que se realice.

**ARTIGO 19º.:** No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a alcalde/sa será substituído/a polos/as tenentes de alcalde, segundo a orde do seu nomeamento.

#### **CAPÍTULO IV: DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**ARTIGO 20º.:** A Xunta de Goberno local realizará sesión ordinaria todos os luns de cada semana, no horario que determine a propia Comisión. Por circunstancias xustificadas, o/a alcalde/sa poderá dispor que se realice con carácter ordinario en día distinto do habitual. Unha copia da acta dos acordos adoptados, tanto da Xunta de Goberno local coma do Pleno, será entregada os/as concelleiros/as nun prazo máximo de 10 días desde a realización.

**ARTIGO 21º.:** As preguntas e interpelacións dirixidas á Xunta de Goberno local deberán presentarse por escrito con catro días de antelación para seren incluídas na orde do día.

**ARTIGO 22º.:** Os asuntos que vaia tratar a Xunta de Goberno local deberán levar o informe da Comisión Informativa correspondente, agás en caso de urxencia ou trámite ordinario, nos que os asuntos poderán pasar directamente á Comisión de Goberno co informe ou proposta do/a delegado/a correspondente, cos informes técnicos preceptivos, dándose conta con posterioridade á Comisión Informativa na primeira reunión que esta realice.

#### **CAPÍTULO V: DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

**ARTIGO 23º.:** No uso da súa potestade de autoorganización, o Concello de Moaña crea as seguintes comisións informativas:

1.- Comisión de Urbanismo, Medio Ambiente, Promoción Económica e Turismo: realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

2.- Comisión de Obras e Servizos, Patrimonio e Cultura: realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

3.- Comisión Especial de Contas e de Facenda, Persoal, Ensino, Participación e Mobilidade: que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e, así mesmo, para aqueles outros que non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Realizará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

4.- Comisión de Mocidade, Deportes, Servizos Sociais, Igualdade e Muller: realizará sesión os segundos e cuartos martes de cada mes.

**ARTIGO 24º.:** O/a presidente/a nato/a de todas as comisións é o/a alcalde/sa, que poderá delegar a Presidencia en calquera concelleiro/a, por proposta da Comisión. Poderá tamén designar un/unha vicepresidente/a para substituír o/a presidente/a no caso da súa ausencia.

**ARTIGO 25º.:** Tendo en conta a participación de todos os grupos municipais e de acordo coa proporcionalidade cada Comisión Informativa estará composta por nove membros (incluído/a o/a presidente/a), correspondéndolle a cada grupo municipal:

- |                                 |            |
|---------------------------------|------------|
| - Grupo municipal do PP         | 3 membros. |
| - Grupo municipal do BNG        | 3 membros. |
| - Grupo municipal do PSdeG-PSOE | 2 membros. |
| - Grupo municipal de XM         | 1 membro.  |

Nomearase un/unha suplente por cadanseu membro da Comisión.

Os grupos políticos deberán comunicar, por escrito dirixido ao/á Sr./Sra. alcalde/sa, os membros titulares e suplentes compoñentes de cada Comisión.

As distintas comisións informativas, na primeira reunión que realicen, deberán propoñer un/unha

presidente/a de entre os/as seus/súas membros, para a súa designación por esta Alcaldía, que dará conta ao Pleno da Corporación dos ditos nomeamentos.

**ARTIGO 26º.:** O Pleno da Corporación poderá acordar a formación de comisións informativas especiais para o estudo, informe e consulta daqueles asuntos que pola súa singularidade non se poderían encadrar en ningunha das comisións constituídas, ou as que crea necesarias.

**ARTIGO 27º.:** Todos/as os/as concelleiros/as poderán asistir con voz e sen voto ás sesións informativas das que non formen parte.

**ARTIGO 28º.:** De cada sesión das comisións informativas redactarase acta para controlar as asistencias e cumprir co artigo 137 do RD 2568/1986. Nelas recollerase sucintamente os ditames, as votacións se as houbese e as posturas dos distintos grupos políticos cando estes así o desexen facer constar.

**ARTIGO 29º.:** Os grupos municipais poderán establecer variacións respecto ás persoas integrantes que no seu nome pertencen a cada Comisión, comunicándollo por escrito ao/a alcalde/sa que dará conta ao Pleno.

**ARTIGO 30º.:** Os ditames adoptaranse por maioría de votos dos/as membros asistentes, decidindo nos empates o voto de calidade do/a presidente/a.

#### **CAPÍTULO VI: DOS CONSELLOS SECTORIAIS**

**ARTIGO 31.:** A participación cidadá na vida municipal canalizarase, entre outros medios recoñecidos no Regulamento de participación veciñal, a través dos consellos municipais.

**ARTIGO 32.:** Os consellos municipais estarán presididos/as polo/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue. Formarán parte dos Consellos Municipais concelleiros/as, persoas individuais e representantes de colectivos relacionados coa área de actividade para a que foron creados, da maneira que establezan os seus respectivos estatutos.

**ARTIGO 33.:** Os consellos municipais reuniranse cunha periodicidade trimestral, convocados polo/a seu/súa presidente/a. Poderán realizar sesións extraordinarias, ben a requirimento do/a seu/súa presidente/a ou por solicitude da cuarta parte das persoas integrantes.

#### **CAPÍTULO VII: DA XUNTA DE VOCEIROS**

**ARTIGO 34º.:** A Xunta de Portavoces estará composta polo/a alcalde/sa e os/as voceiros/as de cada grupo municipal. Será convocada polo/a alcalde/sa cando os asuntos que haxa que tratar o requiran, ou por solicitude de dúas das súas persoas integrantes. En calquera caso, convocarase de forma ordinaria para coñecer a orde do día dos plenos, con anterioridade suficiente á súa convocatoria.

#### **CAPÍTULO VIII: DOS DEREITOS ECONÓMICOS DOS/AS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

**ARTIGO 35º.:** Os/as concelleiros/as que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva percibirán por este concepto unhas retribucións brutas anuais de **35.308,00** euros, distribuídos en 14 pagas, cantidade que se incrementará anualmente de acordo coas determinacións dos Orzamentos Xerais do Estado para a revisión dos salarios dos traballadores ao servizo das administracións públicas. A súa dedicación ao Concello será equivalente ao horario fixado no Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Moaña, computado mensualmente, con actividade presencial en horario de mañá.

O Pleno da Corporación, de acordo coas súas competencias e sen contravir este regulamento, poderá establecer outras dedicacións a tempo parcial, que serán remuneradas de modo proporcional ás anteriores, de acordo coa súa dedicación horaria presencial.

Os/as tenentes de alcalde que por ausencia, enfermidade ou vacante do/a alcalde/sa o/a substitúan, percibirán a retribución que lles corresponda polo tempo efectivo da substitución, sen que sexa compatible co pago de asistencias ás sesións dos órganos colexiados.

**ARTIGO 36º.:** Sen contido.

**ARTIGO 37º.:** Os/as concelleiros/as, agás os que teñan dedicacións exclusivas ou parciais, percibirán 65 euros por cada asistencia a unha sesión plenaria; 24,79 euros por asistencia como vogais a comisións informativas, e padroados. Por asistencia a cada Xunta de Goberno local, percibirán a cantidade de 24,79 euros. O presidente do Padroado Municipal Beiramar percibirá a cantidade de 24,79 euros por cada asistencia ás reunións da Xunta de Goberno do Padroado, que se aboarán a conta do orzamento do organismo autónomo.

Todos os ingresos que perciban os/as concelleiros/as serán netos. As retribucións dos/as concelleiros/as poderán ser revisadas polo Pleno da Corporación ao comezo de cada ano, por proposta da Alcaldía.

**ARTIGO 38º.:** Os importes devindicados mensualmente por retribucións ou asistencias a todos/as os/as concelleiros/as serán satisfeitas nas mesmas condicións e prazos en que lle sexan aboadas ao persoal funcionario do Concello.

#### **CAPÍTULO IX: DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**ARTIGO 39º.:** As convocatorias das sesións, ordes do día, mocións, acordos, ditames, e en xeral toda a documentación do Concello que conste nos expedientes, redactaranse no idioma galego.

**ARTIGO 40º.:** As actas redactaranse en galego, podendo reflectirse en castelán as intervencións dos/as concelleiros/as que empreguen este idioma cando así o soliciten. Nos debates plenarios e dos órganos colexiados, empregarase preferentemente o galego, aínda que tamén poderán usar o castelán os/as concelleiros/as que así o desexen.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogado desde a data de aprobación inicial o anterior Regulamento orgánico municipal e cantos acordos anteriores do Concello se opoñan ao determinado polo presente Regulamento orgánico municipal.

En tanto non entre en vigor o novo Regulamento orgánico municipal, será de aplicación exclusiva o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fixándose por acordo plenario o número de comisións informativas, membros destas e réxime de reunións.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

#### **7º.- MOCIÓN DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA E A PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE VIGO CÍES SOBRE O USO DE HERBICIDAS.**

➤ Cédennlle a palabra ao representante da Asociación quen informa como un organismo de Pontevedra presentou un escrito no Concello de Moaña e que falaron con eles por ser unha cuestión que afecta a todos, e eles dende tal Plataforma asumen o contido do escrito presentado, e o defenden como principio básico. Entenden que é obriga de todos, especialmente das administracións, loitar polo bo estado das augas e do Medio Ambiente que so pode aportar saúde e ben estar para toda a poboación e garantía contra o crecemento global. Farán só referencia a dous artigos da directiva Marco para Uso sostíbel dos praguicidas aprobados polo Parlamento Europeo o 21 de outubro de 2.009, normas de rango superior que todos responsábeis da saúde deben aplicar como básicos no seu territorio, polo que farán referencia só ao capítulo 4, artigo 11, sobre Medidas Técnicas para protexer o Medio Acuático e a auga potable: Estas medidas complementarán as disposicións pertinentes da Directiva 2000/60 da CEE e do Regulamento da CEE nº 1107/2009 que serán compatíbeis con elas. 2, as medidas previstas no apartado 1 do presente artigo incluirá: a) Dar preferencia aos praguicidas que non estean clasificados como perigosos.

A Sra. Alcaldesa da lectura a moción presentada no rexistro de entrada con data 21/09/2015, número 6410, pola Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo Cíes que literalmente di:

«SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE MOAÑA

A Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo "CÍES", con domicilio social na rúa do Pazo nº 2, Bouzas, Vigo, e na súa representación Serxio Regueira Gómez, DNI n 35 931 585-L, con domicilio aos efectos de notificación en rúa Palmas nº 56 A -1º, CP 36957, Moaña.

EXPÓN

Que o 30 de xullo tibo entrada no Rexistro do concello, un escrito promovido pola PDR PONTEVEDRA, sobre o uso de HERBICIDAS E TAU-FLUVALINATO, para que sexa tratado como moción e declaración institucional no pleno da corporación. A tal efecto desde a Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo "CÍES" apoiarnos a inclusión na orde do día do próximo pleno do referido escrito e que defenderemos o seu contido.

Como principio básico, entendemos que é obriga de todos, especialmente das administracións, loitar polo bon estado das augas e do medio ambiente, que so pode aportar saúde e venestar para toda a poboación e garantía contra o quecemento global.

Farémos só referencia a dous artigos da **Directiva Marco para o uso sostible dos praguicidas, aprobado polo Parlamento Europeo o 21 de outubro de 2.009**. Norma de rango superior e que todos os estados da UE deben aplicar como básico nos seus territorios.

Capítulo IV

Artículo 11

Medidas específicas para protexer o medio acuático e a auga potable

1. Os Estados membros velarán por que se adopten medidas apropiadas para a protección do medio acuático e de suministro de auga potable dos efectos dos plaguicidas.

Estas medidas complementarán as disposicións pertinentes da Directiva 2000/60/CE e do Regulamento (CE) n o 1107/2009 e serán compatibles con elas.

2. as medidas previstas no apartado 1 do presente artículo incluírán:

a) dar preferencia aos plaguicidas que non estean clasificados como perigosos para o medio acuático a tenor da Directiva 1999/45/CE e que non conteñan substancias perigosas prioritarias contempladas no artigo 16, apartado 3, da Directiva 2000/60/CE;

b) dar preferencia as técnicas de aplicación máis eficientes, como o uso de equipos de aplicación de praguicidas de baixa deriva, especialmente en cultivos verticais como o do lúpulo e aqueles hachados en hortas de frutais e viñedos;

c) a utilización de medidas paliativas que reduzan ao mínimo o risco de contaminación cara a fora ocasionada por la deriva da pulverización, a filtración e a escorrentía. Estas medidas incluírán o establecemento de bandas de seguridade de dimensións adecuadas para a protección dos organismos acuáticos no objetivo, así como de zonas de protección das augas superficiais e subterráneas utilizadas para a extracción de auga potable onde non se deberán aplicar nin almacenar plaguicidas;

d) a redución, na medida de lo posible, ou a eliminación das aplicacións en, ou ao longo de, carreteras, líneas de ferrocarril, superficies muy permeables ou outras infraestructuras próximas as augas superficiais ou subterráneas, ou en superficies seladas con rico elevado de chegar por escorrentía as augas superficiais ou as redes de alcantarillado.

Artigo 12

Reducción do uso de plaguicidas ou dos seus riscos en zonas específicas

Os Estados membros, tendo debidamente en cota os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a diversidade, ou os resultados das avaliacións de rico pertinentes, velarán por que se minimice ou prohíba o uso de plaguicidas en algunhas zonas específicas. Adoptaranse medidas adecuadas de xestión de risco e se concederá prioridade o uso de produtos fitosanitarios de baixo risco con arranxo ao definido no Regulamento (CE) n o 1107/2009 e as medidas de control biolóxico. Ditas zonas específicas serán:

a) os espazos utilizados polo público en xeral ou por grupos vulnerables, con arranxo ao

definido non artigo 3 do Regulamento (CE) n o 1107/2009, como os parques e xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, áreas escolares e de xogos infantís, así como nas inmediacións de centros de asistencia sanitaria;

b) as zonas protexidas que define la Directiva 2000/60/CE ou outras zonas sinaladas a efectos de establecer as necesarias medidas de conservación de acordo co disposto na Directiva 79/409/CEE e na Directiva 92/43/CEE;

c) as zonas tratadas recentemente que utilicen os traballadores agrarios ou as que estes poidan acceder.

Por todo o exposto

#### SOLICITA

O apoio unanime, "de ser Posible", da corporación ao texto da moción e ao seguinte ACORDO:

1.- Conscientes dos efectos negativos que os hervicidas e insecticidas como o taofluvalinato conlevan para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (coa efectación resultante, (entre outros), nos sectores productivos como a apicultura e a agricultura e a destrución de emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a (DM), Directiva marco para un uso sostible dos produtos fitosanitarios e o Real Decreto 1311/2012 polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso máis sostible dos produtos fitosanitarios, normas que recomentan o uso doutros medios máis saudables para a eliminación de organismos nocivos (como as malas herbas e o goniptero), o Pleno do concello de Moaña acorda prohibir o uso dos herbicidas e do tau-fluvalinato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan, a saúde nin o medio ambiente.

2.- A tal efecto, este Concello acorda dar traslado da presente moción á Deputación Provincial, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas e ao Ministerio de Fomento, conscientes de que estes organismos ostentan competencias en materia de conservación de estradas que se atopan neste termo municipal.

3.- Nos casos concretos de conflito o Concello de Moaña solicitaralle por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicida ou tau-fluvalinato nos puntos de captación de augas veciñais e en zonas específicas que, en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.

4.- Co obxecto de avanzar na sustentabilidade do termo municipal o Pleno do Concello de Moaña acorda que se promova a realización de cursos de formativos de fomento da agricultura ecolóxica, libre de químicos, favorecendo, deste xeito, a sustentabilidade do medio ambiente do Concello así como a saúde dos seus habitantes e o mantemento da calidade das augas.

5.- Así mesmo, o concello de Moaña acorda dar traslado deste acordo a todos os colectivos, entidades políticas, sociais e veciñais existentes no concello.

Moaña a 18 de setembro de 2.015»

➤ O representante da Plataforma indica que estanse utilizando determinados produtos químicos, dos que somos conscientes que indebidamente rematan no río e na ría.

➤ Intervén Don Odilo Barreiro quen informa que dende o grupo municipal do BNG van votar a favor da proposta porque entende que somos usufrutuarios e o noso máximo deber e deixar nas mellores condicións posibles, todo o que nos rodea, e o Medio Ambiente debe ser o primeiro. Polo tanto calquera medida que vaia por salvagardar o Medio Ambiente, e protexer o que nos rodea cara as xeracións futuras, vai ter sempre o apoio do BNG. Como dicía o defensor da Moción, moitas veces, por mor do progreso, adoptáronse medidas que despois déronse conta de que levan un prexuízo grave tanto a curto como longo prazo. As medida que se adopten débesele poñer remedio cando saibamos que van ocasionar graves prexuízos ecolóxicos. Non só se prexudica onde se aplica senón que tras o lavado da zona vai aos acuíferos e remata na ría, sendo alarmante coñecer como en pozos de ata 100 metros, cando se analiza o auga, non é potable para o consumo humano,

e iso foi por erros cometidos no pasado en base a un progreso que se entendía era bo para a humanidade pero que agora dámonos conta de que non era tan bo. Por iso toda medida que teña ou garde sensibilidade co respecto e protección do Medio Ambiente sempre contará co seu apoio.

➤ Dona Marta Freire informa que o Grupo Socialista vai apoiar a Moción presentada pola Plataforma da Defensa da Ría porque, como di a Moción, existen numerosos estudos que falan do perigoso que é o uso de herbicidas e praguicidas no Ecosistema, non só para o Medio Ambiente, senón que tamén para a saúde pública dos presentes. Aclara tamén como dende o Concello non se está usando ningún tipo de herbicida nin praguicida desde o Departamento de Servizos, e que velarán e trasladarán a outras administracións que están actuando no Concello para que sigan os mesmos criterios adoptados por parte de Servizos hai xa tempo. Adianta que nunhas Xornadas Ecolóxicas se está a concienciar á xente dos problemas do uso de herbicidas e praguicidas sen ningún tipo de control.

➤ Don Antonio Sánchez informa que tamén van votar a favor porque o consideran importante. Sometida a moción a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezaseis membros presentes dun total de dezasete que compoñan a Corporación, acorda:

1.- Conscientes dos efectos negativos que os herbicidas e insecticidas como o tau-fluvalinato conlevan para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (coa afectación resultante, (entre outros), nos sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e a destrución de emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a (DM), Directiva marco para un uso sostible dos produtos fitosanitarios e o Real Decreto 1311/2012 polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso máis sostible dos produtos fitosanitarios, normas que recomendan o uso doutros medios máis saudables para a eliminación de organismos nocivos (como as malas herbas e o goniptero), o Pleno do concello de Moaña acorda prohibir o uso dos herbicidas e do tau-fluvalinato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan, a saúde nin o medio ambiente.

2.- A tal efecto, este Concello acorda dar traslado da presente moción á Deputación Provincial, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e ao Ministerio de Fomento, conscientes de que estes organismos ostentan competencias en materia de conservación de estradas que se atopan neste termo municipal.

3.- Nos casos concretos de conflito o Concello de Moaña solicitaralle por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicida ou tau-fluvalinato nos puntos de captación de augas veciñais e en zonas específicas que, en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.

4.- Co obxecto de avanzar na sustentabilidade do termo municipal o Pleno do Concello de Moaña acorda que se promova a realización de cursos de formativos de fomento da agricultura ecolóxica, libre de químicos, favorecendo, deste xeito, a sustentabilidade do medio ambiente do Concello así como a saúde dos seus habitantes e o mantemento da calidade das augas.

5.- Así mesmo, o concello de Moaña acorda dar traslado deste acordo a todos os colectivos, entidades políticas, sociais e veciñais existentes no concello.

## **8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA CREACIÓN DE PUNTO DE ENCONTRO EN MOAÑA.**

Dona María Estela Santomé da lectura a moción do PP presentada no rexistro do Concello con data 21/09/2015, número 6407 que literalmente di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DUN PUNTO DE ENCONTRO EN MOAÑA



*Según datos do INE, en 2014 en España se levaron a cabo 100.746 divorcios, 5034 separacións e 113 anulacións. Nese mesuro ano en Galicia producíronse 5671 divorcios, 276 separacións e 2 anulacións. Os datos referidos a provincia de Pontevedra nas mesanas datas son 2054 divorcios e 95 separacións.*

*A entrada en vigor da Lei. 15/2005 de modificación do divorcio multiplicou as rupturas de parella, o 76,5% dos divorcios e separacións no ano 2014 foron de mutuo acordo, mentres que o 23,5% restante foron por procedemento contencioso. Según o tipo de proceso, o total de divorcios por mutuo acordó foi do 76, %/0 e o 23,9% por procedemento contencioso, así como as separación o 85,5% de mutuo acordó e o 14,5% por contencioso. No período comprendido entre 2002 ata 2012 houbo un crecemento de 38.037 divorcios no nono país.*

*Según o instituto de Política Familiar nos últimos dez anos o números de divorcios incremento-use en España un 150%, mentres que noutros países europeos diminuíu ou estancouse. España é o cuarto país con maior número de divorcios en Europa.*

*En España rexístranse sete rupturas por cada dez matrimonios, en Europa e de menos de 5 rupturas por cada 10 matrimonios., segundo estes datos a taxa de nulidades, separacións e divorcios por cada 1000 habitantes en España foi de 2,3 no ano 2014 e en Galicia a taxa é de 2,2 por cada 1000 habitantes.*

*A Xunta de Galicia, creou os "puntos de encontro" como lugares neutrais onde levar a cabo as visitas familiares establecidas polos xuíces, un lugar onde os nenos poidan exercer os seus dereitos de relacionarse cos país/nais e os avós/avoas e visitar estes os seus fallos/fallas e netos/netas en caso de conflito.*

*Os puntos de encontro son un recurso especializado que da resposta ós diversos problemas e formas de conflictividade familiar existentes cando a desestructuración da familia é un feito.*

*Dado o crecemento dos divorcios no país e tendo en conta que Moaña carece dun punto de encontro, o noso grupo considera necesario o establecemento dun punto de encontra en Moaña.*

*Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular — Populares de Moaña presenta o seguinte*

#### **ACORDO**

*- Instar a o Concello a que demande e xestione, perante a Xunta de Galicia, Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, o establecemento dun punto de encontro en Moaña*

*En Moaña a 15 de setembro de 2015»*

➤ Dona Araceli Gestido indica que o BNG votarán a favor, estando de acordo co escrito da Proposta, que estas persoas pasan por unha situación difícil como para poñerllo máis complicado. Están de acordo en remitir esta petición. Comenta o alto índice de divorcios en España, acorde co que falan as estatísticas de países católicos patriarcais, que é unha cuestión de forma. Puntualiza que non existe xa a Vicepresidencia da Igualdade.

➤ Dona Rosa Solla inica que os datos son correctos.

➤ A Sra. Alcaldesa explica que o que se puntualizaba é que non era a lei a que facía aumentar os divorcios, que serían outras circunstancias sociais.

➤ Don Salvador Meira e informa como, dende o Grupo Socialista, alégranse de que confien en este Goberno e en este grupo para defender esta Moción, alégranse que, despois de 4 anos, o Grupo Popular empece por fin a presentar Mocións, consideran que hai constancia de solicitudes onde moitísimas parellas de Moaña empregan tales puntos e, sen recalcar máis, reiterando a súa alegría por ver como o Grupo Popular empeza un pouquiño a traballar por Moaña. Apoia a Moción.

- Don Franciso Javier Carro dá a benvinda a toda moción que teña que ver con asuntos sociais sobre ese gran tema e grandes prexudicados, polo que vai votar a favor.
- A Sra. Alcaldesa indica se admiten a transacción, porque a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar non existe dende que o Partido Popular chegou á Xunta de Galicia, entón hai que modificar esa cuestión e remitilo en todo caso á Consellería.
- Dona María Estela Santomé indica que o Partido Popular presentou esta Moción no 2007, e os 4 anos que estiveron traballaron intentando negociar e chegar a acordos para conseguir un Punto de Encontro en Moaña porque cren é moi importante para Moaña, sen chegar a conseguilo. Entón a ver si este equipo de Goberno ten máis sorte, polos veciños de Moaña, e que logren conseguilo. Recalca que eles non o chegaron a conseguir, pero non sería por non insistir ou non traballar para intentalo.
- A Sra. Alcaldesa puntualiza se admite a transacción necesaria para poder aprobar cambiando pola Consellería de Traballo e Benestar, e indica que xa que o grupo da oposición fixera un traballo anterior gustaríalle, de ser posíbel, coñecer de onde podería partir o actual Goberno para conseguilo, para o ben do/a-s veciño/a-s de Moaña, se hai documentación neste Concello que fose remitida.
- Dona María Estela Santomé responde que só houbo reunións, pero non documentación.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

- Instar a o Concello a que demande e xestione, perante a Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, o establecemento dun punto de encontro en Moaña.

#### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ADHESIÓN DE MOAÑA A REDE DE CIDADES AMIGABLES COA IDADE.**

Dona Rosa Solla da lectura a moción do PP presentada no rexistro do Concello con data 21/09/2015, número 6406 que literalmente di:

*«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A ADHESIÓN DE MOAÑA A REDE DE CIDADES AMIGABLES COA IDADE*

*O envellecemento e a urbanización da poboación son dúas tendencias globais que caracterizan o século XXI. A medida que as cidades e os pobos crecen, a súa proporción de residentes de sesenta ou máis anos de idade vai en aumento.*

*As persoas maiores son un importante activo, para as súas familias, comunidades e economías en entornos de vida sustentadores e facilitadores, non debemos olvidar que hoxe en día, debido a crise que están sufrindo moitas familias, o sostento de estas son as persoas maiores.*

*A organización Mundial da Saúde considera o envellecemento activo como un proceso baseado en favorecer a saúde, a participación e a seguridade na vida das persoas maiores. Partindo de este enfoque da OMS vence xenerando a Rede de Cidades Amigables coas Persoas Maiores, cuxo propósito é lograr que os municipios se comprometan a manter una relación mais armónica coas persoas de idade, co fin de aproveitar o potencial que representan para a humanidade.*

*O programa de Cidades Amigables coas Persoas maiores é un proxecto internacional para axudar as cidades a prepararse para as dúas tendencias*

demográficas mundiais xa citadas, o envellecemento rápido da poboación e a urbanización crecente. O programa está dirixido a os factores medioambientais, sociais e económicos que inflúen no benestar das persoas maiores. A OMS, consciente do progresivo envellecemento da poboación mundial dirixe este proxecto a todos os axuntamentos. En 2012, o IMSERSO e a OMS firmaron un convenio de colaboración para a difusión, apoio e promoción de esta rede en España, co obxectivo de incrementar a adhesión de cantos Axuntamentos estivesen interesados e mellorar e adaptar os seus entornos e os seus servizos as necesidades das persoas maiores. En virtude de este convenio, o proxecto de Cidades Amigables coas Persoas Maiores, conta co CEAPAT-IMSERSO como organismo coordinador e apoio a rede no noso país. Una ciudad amigable coas personas mayores significa que nunca comunidad amigable con embellecimiento as políticas, os servizos e as estruturas relacionadas con entorno físico e social da ciudad o pobo se diseñan e reorganizan para apoiar e permitir as personas mayores vivir dignamente, disfrutar duna boa calidad de vida e continuar participando na sociedade de maneira plena e activa.

*Una ciudad amigable coas personas de mayor idade:*

*-Reconoce a diversidade das persoas maiores.*

*-Promove una cultura de inclusión compartida por persoas de todas as idades.*

*-Respetas as súas decisións e opción de forma de vida.*

*-Anticipase e responde de maneira flexible as necesidades e preferencias relacionadas co envellecemento activo.*

*O Municipio de Moaña debe formar parte de esta Rede debido a súa traxectoria e comprometerse ante todos os veciños e veciñas deste pobo en materia de persoas maiores.*

*Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón Pleno do Concello de Moaña a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*Acordar a solicitude de adhesión do Concello de Moaña a Rede Mundial de Cidades Amigables coas Persoas Maiores.*

*Moaña a 15 de setembro de 2015. Jose Fervenza Costas voceiro»*

➤ Dona Rosa Solla indica que é un proxecto para o envellecemento saudable.

➤ Dona Araceli Gestido indica que comparten a inqueda, parecéndolle moi interesante o Proxecto e que están traballando nesa dirección, dando os pasos apropiados. Moaña ten seguido esa traxectoria, e isto é algo que leva anos en marcha sen que se tomara a iniciativa de facelo, estando segura de que foi por un criterio racional, que este proxecto require unha chea de marcadores que hai que cumprir, unha vez que coñécese e estúdase o Proxecto, primeiro haberá que adecuarse a el, o que non se pode facer de momento é dedicar moitísimas horas de traballo do noso Departamento de Servizos Sociais, que está desgraciadamente saturado pola situación económica, para presentar un proxecto de maneira prematura. É unha cuestión de tempo, concordando no fondo da cuestión e estando de acordo. Pero cómpre facer as cousas do xeito máis eficiente posíbel, e imaxina que se non o puxo en marcha hai meses será porque consideraba que non era o momento adecuado, para que non se pense que é unha negativa caprichosa. O Proxecto persigue tres obxectivos principais: Xerar procesos de participación comunitaria, outro obxectivo do goberno será convocar a Mesa da Terceira Idade, pero primeiro hai que facer ese paso, senón non ten sentido comezar a casa polo tellado, para rematar lapidando recursos, sexan económicos ou humanos. Un segundo obxectivo sería introducir cambios nas diferentes áreas competenciais do Municipio a fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns, O Concello de Moaña leva varios anos sendo pioneiro en moitos sentidos, Moaña ten Servizo de Vixilancia e Mantemento para Persoas Maiores dende hai moito tempo, sendo un dos primeiros concellos de Galiza. Ademais o Concello participa e colabora coa Deputación nas axudas para Ocio Saudábel e Terapéutico e

colabora tamén economicamente para que poda desenrolar as súas xuntanzas, dende hai moito tempo, indo na dirección adecuada, debendo ser sensatos en canto o emprego dos recursos, indo paso a paso. O terceiro obxectivo sería aproveitar o potencial que representan as persoas maiores na vida cidadán, sendo neste senso unha das cousas que cómpre facer a creación dun Banco de Voluntariado do que as propias persoas maiores poden ser participantes e beneficiarios ao tempo, entre outras cousas que hai que facer, non tendo sentido facer, antes das cousas, a petición, pois primeiro fanse as cousas e logo a petición na inclusión da Rede, obviamente interesante, sendo a cuestión que non é o momento, non que non sexa unha boa Proposta.

➤ Dona Marta Freire indica que esta de acordo coa exposición da Moción, sendo unha necesidade, tal como expoñen, pero sería unha irresponsabilidade votar a favor dunha Moción que sábese, por recursos económicos e persoais, neste momento, suporía poñer en marcha unha serie de iniciativas, agora mesmo non contempladas nos Orzamentos, e daquela asumíbeis. Cómpre apostar primeiro por desenrolar o Proxecto a nivel local, non con medidas a internacional que veñen xa determinadas pola Organización Mundial da Saúde en colaboración co Insero, senón medidas locais como a Mesa da Terceira Idade e outros programas que están xa en marcha dentro do propio Programa de Goberno, instados a que, unha vez estes pasos estean dados, volvan presentar a Moción, ou ao Goberno a comprometerse a marcar unha serie de pasos e usar recursos persoais e económicos, sumándose a esta iniciativa.

➤ Don Francisco Javier Carro informa que va a votar a favor da proposta por parecerlle interesante polo respecto cara os seus pais e maiores merecen de todo. Non comprende ao BNG, sobre todo da voceira de Asuntos Sociais. Nunha Comisión el lle pedira, que si tiñan algo en proxecto sobre traballar con voluntariado, recibindo como resposta que era unha cousa interesante. Nesa mesma Comisión tamén lle pediu habilitar unhas axudas para as persoas discapacitadas, para modernización, actualización, do que tivese que facer reformas na súa casa, e non se lles cobrara o Imposto de Obras, recibindo do como resposta que estaban na laboura de traballar con voluntariado. Non se trata de mañá montar unha Mesa, pero hai que seguir paso a paso, se hai que facer unha Mesa para iso, fágase, igual que se van facer as Mesas Parroquiais. Levaban 4 anos sen Consello Escolar e se habilitou xa. Pide que non se diga o tema de sempre: non hai cartos, hai que recoñecer que hai o que hai.

➤ Intervén Dona Rosa Solla quen indica que é unha axuda para desenvolver a nivel local, eles dan e facilitan a axuda necesaria e formación precisa para poder desenrolar o Concello as actividades e todo o que se poda realizar para axudar a envellecer o facer un envellecemento activo. Que lle chamen como queiran. Teñen a ximnasia de maiores, teñen os balnearios, pero estase a falar do que é o día a día das persoas maiores, no é dicir unhas horas pola mañá, á semana ou o que sexa, senón que, gratuitamente, facilitaríanlles a información para desenrolar as actividades, que sexa a nivel de concello, a nivel persoal de cada persoa. Lembra o protocolo de Vancouver. Pide que sexas non só a nivel concello, tamén a nivel persoal. Sería unha información gratuíta. Só habería que tomar o acordo de adhesión e despois que se convoque a Mesa da Idade. Engade que unha cousa non quita a outra e que non ve o inconveniente de aprobar a Moción e apoiala.

➤ Dona Marta Freire indica a dona Rosa que comete unha falta de claridade na información dada, non limitando unicamente, o feito da adhesión á Rede, a que se lle facilite información ao Concello, pois este debe cumprir ademais unha serie de requisitos determinados en 4 fases dentro dun Proxecto a 5 anos no que o Concello comprométese a realizar unha serie de actuacións dentro das 8 áreas incluídas no Proxecto. E o que non se pode facer é sumarse a unha Rede cuns recursos dentro da Partida Orzamentaria que non permiten, como é sabido, asumir o Proxecto. Tal Proxecto tería que estar incluído nos Orzamentos para ir cumprindo cada unha das fases, non habendo nun Informe de Intervención que facilite a adhesión nesta ocasión, non sendo só unha cuestión de información. Se o Insero facilita tal información benvida sexa, pero non só é iso, pois supón un

compromiso por parte do Concello a implantar cada unha das fases, porque se non tal información non se dá, vendo recollido dentro do Proxecto tal requisito.

- Dona Araceli Gestido indica que se fora tan sinxelo xa o tería, o grupo do PP feito. Sinala que len Proxectos diferentes ou enténdense de xeito diferente. Sentémonos e vemos o que realmente implica o Proxecto. Infórmalle ao Sr. Carro de como os tempos administrativos son os que son, sen que ela vaia facer unha lei dun día ao outro para pedir o demandado no tema das axudas. Facer un Banco de Voluntariado leva igualmente unha chea de burocracia, debéndose cumprir unha morea de requisitos, podendo dicir que está traballando en iso. Un pilar fundamental, deste proxecto é a participación, non procede aquilo de "polo pobo para o pobo pero sen o pobo", debéndose primeiro convocar a Mesa da Terceira Idade e ver que din eles, sendo a participación condición prioritaria e reunirse con eles, cómpre facer as cousas na orde correspondente.
- Don Francisco Javier Carro indica que o que di é que hai que ir paso a paso, pero aprobándose a Moción sábese que poden comezar, se non é mañá dentro dun mes, pero non hai que volver dentro dun mes ou dous volvela aprobar e debater.
- Dona Araceli Gestido indica que non precisan facer a Moción para aprobar calquera dos puntos dos que estaban falando.
- A Sra. Alcaldesa pregunta cantas Mocións foron aprobadas sen ser resoltas, engadindo que acaban de traer unha por segunda vez despois de estar gobernando catro anos.
- Dona Rosa Solla indica que se hai diñeiro para outras cousas, para iso tamén podería habelo, non sabendo aínda nin que lles van propor de obras, e que non mira lóxico que se de marcha atrás unha proposta de adhesión á rede por non poderse realizar ao non ser sostíbel, e que tampouco o mira lóxico posto que, se o equipo de goberno está aí, é para traballar polo pobo.
- Un veciño de entre o público pide que se axude aos maiores. Que se lles vote unha man.
- A Sra. Alcaldesa aclara como a frase da concelleira remítese á Revolución Francesa significando que tomar decisións, aí no Pleno, sen contar co colectivo implicado, o cal suporía primeiro convocar a Mesa da Terceira Idade e que eles decidan.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor, os do PP e XM, e nove en contra, os do BNG e PSdeG-PSOE, acordan, rexeitar a moción presentada polo PP sobre a adhesión de Moaña a rede de cidades amigables coa idade.

#### **10º.- MOCIÓN DA COALICIÓN INDEPENDENTE POR MOAÑA PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS MOCIÓNS APROBADAS.**

Don Francisco Javier Carro da lectura a moción de XN presentada no rexistro do Concello con data 21/09/2015, número 6399 que literalmente di:

*«Javier Carro, concelleiro de Coalición Independente Moaña, ao abeiro do disposto no art. 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante este Pleno Corporativo a seguinte MOCIÓN:*

**PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS MOCIÓNS APROBADAS**  
**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*As mocións son o instrumento político fundamental co que contan os concelleiros e Grupos Políticos con representación na Casa do concello para elevar propostas ou peticións e sometelas á consideración e aprobación do Pleno.*

*Non obstante, dáse a circunstancia de que moitas das mocións presentadas pola oposición e aprobadas polo Pleno non son despois executadas polo Equipo de Goberno, ou ben a súa execución se demora máis do acordado, previsto ou desexable.*

*Tamén pode darse o caso de que as medidas adoptadas finalmente non sexan totalmente fieis ao espírito da moción ou aos obxectivos que perseguía o propoñente coa devandita proposta, xa que este non puido participar na súa posta en marcha.*

*Dende que Coalición Independiente Moaña pasou a formar parte da Corporación Municipal do Concello de Moaña, esforzámonos para realizar unha oposición construtiva elevando a debate propostas que puidesen resultar beneficiosas para o interese xeral dos nosos veciños. Con este ánimo, Coalición Independiente Moaña logrou a aprobación dalgunhas delas.*

*Este partido presentou mocións e ao igual que outros partidos da oposición tamén conseguiron aprobar mocións interesantes para os veciños, das que tampouco coñecemos o seu estado de execución.*

*Por estas razóns, Coalición Independiente Moaña considera fundamental crear un órgano de seguimento das mocións aprobadas polo pleno, cunha composición plural e flexible, para conseguir dous obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, asegurar o cumprimento dos acordos adoptados e, en segundo lugar e fundamental, enriquecer as propostas coa participación de todos os grupos políticos (esixíndolles tamén un compromiso de participación para facer realidade as propostas que elevan ao pleno), así como coa presenza neste órgano de seguimento de diversos actores e colectivos da sociedade, que poden chegar e asesorar en materias concretas.*

*Polas razóns expostas, propónse ao Pleno da Corporación os seguintes ACORDOS:*

*1. Crear unha comisión ou grupo de traballo, cuxa finalidade sexa facer o seguimento das mocións aprobadas polo Pleno da Corporación, agás para aquelas de índole protocolaria ou política, cuxa execución non requira ningunha tramitación ou actuación específicas.*

*2. Favorecer activamente que nesta comisión ou grupo de traballo participen Grupos Municipais, funcionarios municipais, representantes dos veciños e, cando proceda, os colectivos afectados polos acordos adoptados, para solicitar a súa opinión, asesoramento e cooperación..*

*Francisco Javier Carro Piñeiro*

*Concelleiro Coalición Independiente por Moaña»*

➤ Intervén Don Odilo Barreiro quen indica que dende o grupo municipal do BNG están de acordo cos obxectivos expostos na moción do Sr. Carro, sendo tales obxectivos defendíbeis, e deberían formar parte da labor do Goberno. Pero indica que hai pouco modificouse o Regulamento de Participación Veciñal de xeito que o punto primeiro de cada un dos Plenos na súa orde do día debería recoller información sobre a tramitación das mocións que foron aprobadas en Plenos anteriores, podendo entender que ao grupo do Sr. Carro isto sexa insuficiente. Agora ben, a pregunta que se fan é se sacalo de aí e metelo nunha Comisión pode ser o mellor. Pon o exemplo da creación dunha Mesa cando foi o tema das preferentes que resultou menos efectiva e operativa do que eran antes as comisións. Entende o grupo do BNG que non deben nese erro, querendo recoller a proposta do Sr. Carro pero ampliada, inserida no funcionamento do día a día do Concello. Da lectura ao texto dunha transacción proposta para ver se o Sr. Carro está de acordo, O que se fai nun Pleno que agora estase transaccionando ou emendando, facelo tamén nas Comisións cando se vaia facer unha moción ao pleno, tanto se se está aprobando, e logo alegar todos os avances que se fagan, non só ao Pleno, senón a cada unha das Comisións semanais que se fagan en relación con ese tema; é desencorsertalo da Comisión proposta.

➤ Don Francisco Javier Carro e informa como o seu grupo presentou a Moción que se respecte. Se o BNG quere facer outra Moción que a presenten que solicita que se vote a Moción deles,.

➤ Don Odilo Barreiro aclara que non quere cambiar o senso da moción do Sr. Carro, que o senso segue sendo o mesmo, o único que cambia e a maneira de efectivizar os obxectivos do forma que coidan é o máis axeitada, áxil e mais efectiva. Pon o exemplo do tema da leite. Aclara como o seu grupo non ven aquí a substituír a súa proposta, queréndolle dicir que se buscan o seu apoio deberían concederlle esa transversalidade proposta. Recalca que o grupo do Sr. Carro ten todo o dereito a manter o texto orixinal.

➤ Don Antonio Sánchez indica que a Sra. Alcaldesa dixo o día da investidura que quería un goberno con claridade, e negando estas comisión parece que teñen algún problema. Nos temas bancarios, por coñecemento de causa, esas Mesas si funcionaron, non todo o ben que deberían, e porque faltou moito apoio de moitos lados, non só dende o Concello senón tamén de fora.

➤ Don Odilo Barreiro indica que non se trata de medo, e que teñen a transparencia de que en todos os Plenos dáse conta ao principio do seguimento de todas as mocións presentadas. Que non quere levar ese tema a unha comisión que ao mellor vaise dirimir unha vez por mes, e esta propoñendo levalo ás comisións que se reinen quincenal e semanalmente porque van a todas, e que si dispoñen xa da ferramenta onde incluír o seguimento das mocións, cómpre empregalo sen crear outro ente máis, tratando de optimizar os recursos e estrutura organizativa que se ten no Concello, aumentando a transparencia e participación. Así se informaría sobre os avances das mocións, ou que o responsábel de cada área lembrara que na súa Comisión ten que principiar por dicir se houbo algún avance na tramitación da mesma; todo o contrario ao entendido polo Sr. Carro, igual por que el non se explicou ben. E reitera que se trata de optimizar recursos e estrutura organizativa xa tidos no Pleno e nas Comisións.

➤ Don Francisco Javier Carro comenta sobre a experiencia obtida sé é a nivel particular ou non. Informa que ten 56 anos e que no ano 90 el estaba en Apemar, Asociación de Produtores de Mexillón de Galicia e como daquela empezaron a crear varias Mesas, as cales deron resultado, seguindo a experiencia no ano 99 formando cunha Mesa a Central de Venta de mexillón de Galicia e, na actualidade, como membro do Consello Regulador do Mexillón, e como Presidente dunha asociación de meixoeiros, a súa experiencia é total e claramente beneficiosa, polo que non lle falen de experiencia sen aportar referencias afines. Aclara que fala dun grupo de traballo, non de Comisión, ratificando como a súa Proposta, de Coalición Independente por Moaña, segue sendo a mesma e sen variar.

Sometida a Moción a votación o Pleno da Corporación, por sete votos a favor, os do PP e XM e nove en contra, os do BNG e PSdeG-PSOE, acorda rexeitar a moción da Coalición Independente por Moaña para creación dunha comisión de seguimento das mocións aprobadas.

A Sra. Alcaldesa propón un breve receso de cinco minutos. Transcorridos continúaase coa sesión.

## **11.- MOCIÓN DO BNG E PSdeG-PSOE SOBRE OS REFUXIADOS.**

Don Odilo Barreiro dá lectura a moción do BNG e PSOE presentada no rexistro do Concello con data 22/09/2015, número 6441 que literalmente di:

## **«MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS BNG E PSOE DE APOIO AS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA.»**

*Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impeler unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.*

*A dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe en decisións políticas e económicas adoptadas por moitos países do primeiro mundo, que non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.*

*Primeiro foi Afganistán, Iraq, despois Libia. Agora é Siria o seu obxectivo prioritario. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo en Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como un pretexto máis para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso de Turquía, como (punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Kurdistán.*

*As vítimas delta deshumana política son as poboacións civís destes países. É o pobo de Iraq, de Afganistán, de Libia, de Siria, do Kurdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga inmensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente sirias-que escapa,' da guerra e migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.*

*Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A gran preocupación da Unión Europea non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un gran foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas modas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría acaba de fechar con ralos de arame espiñento 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será este tipo de medidas as que freen o problema. Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a norte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.*

*No en anta, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. As veciñas e veciños de Moaña senten como propio, o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso o Concello de Moaña non pode ficar indiferente nin pasivo. A Corporación en Pleno do Concello de Moaña, exige da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.*

*Xa que logo, os Grupos Municipais do BNG e PSOE queren denunciar abertamente as políticas que están detrás desta situación e defende:*

*Pór fin á intervención occidental en Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente a fin do conflito militar.*

*A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente Próximo e norte de África.*



*Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos. Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.*

*Consecuentemente, diante da traxedia que están a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO**

**1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas emigrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.**

**3.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.**

**4.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.**

**5.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concilios para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.**

**6.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no Poso concello,**

**7.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.»**

➤ Don Odilo informa como observa que o texto do PP e igual a do seu Grupo, propondo ter unha reunión a posteriores do Pleno, ou na seguinte Comisión, ou mandarles por correo email un texto refundido coa proposta do PP. Indica que inclúen o Punto como acordo e debaterano na seguinte comisión. Engade tamén facela pública como unha Declaración Institucional conxunta.

➤ Os representantes do Grupo Popular móstranse de acordo.

➤ A Sra. Alcaldesa pregunta se hai acordo e propón, en todo caso, sometelo a votación o cal non parece ser necesario segundo responden, reiterando a pregunta de si hai acordo entre todos os grupos e que poden votar se queren.

➤ Don Odilo indica que se retira o punto e pasa ser unha Declaración Institucional.

➤ A Sra. Alcaldesa indica que será consensuada entre todos.

Por unanimidade de todos acórdase retiralo da orde do día.

**Concluído este punto da orde do día, e previo o quenda de rogos e preguntas, a Sra. Alcaldesa somete a consideración do Pleno, por razón de urxencia, en virtude do previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (R.O.F) o debate do seguinte punto da orde do día:**

A Sra. Alcaldesa, Dona Leticia Santos, propón a inclusión na orde do día, con carácter urxente, este punto, xa que nos próximos días é necesario proceder a convocatoria da Xunta de Goberno da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, debendo os concellos nomear aos seus representantes. Dada a necesidade de comezar a traballar na Mancomunidade sen máis demora, insta ao

nomeamento dos voceiros que van formar parte da Mancomunidade.

- Don José Ferverza pregunta cantos representantes son de cada grupo.
- A Sra. Alcaldesa indica que compre votar primeiramente é a urxencia, e que son tres representantes do Equipo do Goberno, ademais da súa propia representación en calidade de membro nato
- Don José Ferverza opina que iso debeu ser falado e tratado nunha Xunta de Voceiros, si hai que designar por parte dos grupos.
- A Sra. Alcaldesa aclara como foi con carácter de urxencia, e por iso non o incluía a orde do día como as outras cuestións, e se lles parece sométase a votación.
- Don José Ferverza indica que tiveron un receso e puideron habelo tratado os voceiros.
- Dona Leticia di que se queren poden facer outro receso, poñendo a disposición a documentación ao respecto.

Faise un breve receso de cinco minutos, continúaase a sesión.

Sometido o debate da moción a votación, o Pleno do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezaseis concelleiros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda declarar a urxencia e debater o citado asunto.

A Sra. Alcaldesa da lectura a súa proposta que literalmente di:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.**

*Nos próximos días é necesario proceder a convocatoria da Xunta de Goberno da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, debendo os concellos nomear aos seus representantes.*

*O artigo 6 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, literalmente di:*

*“ART. 6.- Xunta da Mancomunidade*

- 1. Está composta por un número legal de DEZASEIS (16) vocais, con representación de tres concelleiros e o alcalde de cada un dos concellos.*
- 2. Os vocais representantes de cada concello serán designados polos plenos de entre os seus membros.*

*Por tal motivo, tras a renovación da Corporación Municipal, é necesario adoptar o acordo do nomeamento dos representantes do Concello de Moaña polo Pleno da Corporación con carácter urxente, co fin de que o noso Concello teña representación ante dito órgano.*

*Conforme ao artigo 22.2, letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

- 1.-Nomear como representantes do Concello de Moaña, ademais da alcaldesa, dona Leticia Santos*

*Paz, as/aos seguintes concelleiros/as:*

*Don Odilo Barreiro Martínez.*

*Dona Marta Freire Riobó.*

*Don Aldán Santamarina Corral.*

*Suplentes:*

*Dona Coral Ríos Santomé.*

*Don Salvador Meira Corrales.*

*Don Abel Pérez Guardado.*

➤ Intervén Dna. Marta Freire, Tenente de Alcaldía, quen indica que en lugar dela, o representante designado polo PSdeG-PSOE é Dn. Ezequiel Fernández Cancelas, Concelleiro de Participación, Transparencia, Atención veciñal e Mobilidade, propoñendo que se modifique a persoa designada non o número.

Sometido o tema a proposta a votación o Pleno da Corporación, por dez votos a favor, os do BNG, PSdeG-PSOE e XM e seis abstención do PP, acorda:

*1.-Nomear como representantes do Concello de Moaña, ademais da alcaldesa, dona Leticia Santos Paz, as/aos seguintes concelleiros/as:*

*Don Odilo Barreiro Martínez.*

*Don Ezequiel Fernández Cancelas.*

*Don Aldán Santamarina Corral.*

*Suplentes:*

*Dona Coral Ríos Santomé.*

*Don Salvador Meira Corrales.*

*Don Abel Pérez Guardado.*

## **12º.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Sra. Alcaldesa indica que hai unha serie de cuestións pendentes sobre Resolucións de Alcaldía consultadas durante o último Pleno da Corporación Municipal, das que tódolos datos están a disposición nos departamentos de Secretaría, Tesourería, Intervención, etc., Respecto á Resolución da Alcaldía 247/2015, pedíase saber se hai informe da Tesourería o cal atópase dentro da Resolución, Informe 62/15 sobre Ordenamento do Pago das Obrigas Recoñecidas por un importe total de 61.808,70 euros, no que a tesoureira informa sobre fluxos de gastos e ingresos na Tesourería municipal explicando que hai obrigas pendentes de aboamento con carácter anterior ás que se abonan nesta listaxe. Ordenouse o pago dada a necesidade que ten o Concello de abastecemento de certas cuestións como gastos correntes, prioritarios. Hai facturas do 2.014 e de 2.015, anteriores á chegada desta corporación ao Concello, hai gastos, ao parecer, dende outubro do 2.014 satisfeitos na relación de pagos do 24 xuño, tras a toma de posesión desta nova Corporación. Pregunta a Sra. Alcaldesa se precisase máis información sobre esta Resolución, aclarándose que se, había Informe da Tesourería.

A Sra. Alcaldesa sobre a Resolución 255, indica que preguntábase se había un Reparo e por que se levantou, aclara que se levantou por que tal Resolución baséase fundamentalmente no pago ao persoal funcionario, laboral, fixo, temporal, membros da Corporación, aprazamento da débeda de Seguridade Social e cota da mesma S.S., polo que, pese o Informe de Intervención que presenta un reparo, os traballadores fan o seu traballo e deben cobrar sen dilación. Pregunta se hai cuestións ao respecto, non producíndose.

Sobre a Resolución 270/2015, preguntaban se había algún Informe do Departamento de Persoal, requirido ao non constar na anterior Resolución, e, habéndoo, ofrece envialo por correo electrónico ou proceder a súa lectura, sendo solicitado sexa enviado, do cal tómake nota, tamén piden sexa enviada dita Resolución, a cal pode ser escaneada para enviar.

Sobre a Resolución 288/15, sobre un Proceso xudicial, na que se preguntaba a que se debía a Sentenza, explica que nesta resolución admitíase facer fronte ao pagamento obrigado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 742 euros con cargo Aplicación Orzamentaria Gastos Xudiciais en concepto de Taxación de Costas do Procedemento 4186/2006 de France Telecom España, Sentenza á que se condenou ao Concello no seu día ante demanda interposta, por unha antena que puxo Retevisión Móviles S.A., contra o acordo do Pleno do Concello do 28 de Decembro de 2.005 polo que se aprobaba unha Ordenanza Municipal Reguladora da instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados para prestación de servizos de radiocomunicación.

Sobre a Resolución 318/2015 preguntábase a cantas empresas se lles pediu orzamento e se había algunha de Moaña, a Sra. Alcaldesa o confirma sendo 3, tendo declinado a de Moaña por non poder subministrar o que pedía o Concello, polo volume e o inmediato da compra, tendo presentado a súa renuncia, escolléndose a empresa cuxo orzamento era de menor contía.

Sobre a Resolución 286/2015, da que preguntaban sobre un proceso de contratación. Da lectura a Resolución (do ano 14): As bases para a contratación laboral temporal dunha persoa para o posto de Conductor maquinista do Concello foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en Sesión Ordinaria do 13/12/2013. Na Resolución de Alcaldía 54/2014 aprobáronse os resultados definitivos de dito proceso selectivo logo de ver a proposta da Alcaldesa e o Informe da técnica de Recursos humanos e Xestión de persoal do 02/07/2015, visto o informe de Intervención coa data 02/07/2015 no que se emite reparo pola falta de xustificación das circunstancias excepcionais urxentes inaprazábeis e as causas obxectivas que xustifican a contratación temporal, consonte aos artigos dispostos 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de Abril LRBRL e 41.14 c) do ROF que atribúe á Alcaldía a competencia para contratar persoal laboral da corporación, resólvese: levantar o reparo e contratar ao condutor maquinista segundo as listaxes de contratación feitas polo goberno anterior. Preguntábase cantas persoas presentáranse: foron 23, 20 admitidos e 3 excluídos, 11 non presentados, e na primeira proba pasaron só 3, e na 2ª só 2, estando o expediente a disposición en Persoal se queren consultalo, malia deber ter copia do mesmo a antiga corporación. Pregunta se hai algunha cuestión ao respecto, non se solicita.

➤ Unha veciña pregunta sobre Conservas Iglesias porque fai cuestión de 3 meses Don Odilo díxolles que en 20 días estaba solucionado, despois cando volveron vir, que en 5 días a unha semana que ía estar, entón pasaron 3 meses, e pregunta: Por que non se contesta á petición escrita pedindo varias informacións, copia dos expedientes que fixo Conservas Iglesias o 2 e 3 de Setembro? cando van contestar? ou non queren que as traballadoras poidan traballar?. Expón que elas queren traballar, dependen 90 postos de traballo, teñen 20 días para que iso se solucione, ou vai Conservas Iglesias ao tacho e ela/es detrás. Pregunta por que se fai unha paralización da parte que é competencia da Xunta, cando nun informe, que ten o Concello, non pide a paralización. Pregunta por que Gas Natural non fai unha conexión na vía pública, como fai esta empresa sempre, sen ese subministro non poden empezar a traballar. Indica que Gas Natural viu ao Concello para pedir permiso para facer a conexión e non entende porque non lle dan permiso, cando lla están dando a todo mundo.

➤ Intervén a Sra. alcaldesa para delegar a resposta no Concelleiro de Urbanismo que leva esta cuestión.

- A veciña indica que o equipo de Goberno dixera que ían axudar a Moaña e están tirando con ela, insiste en que teñen 20 días.
- A Sra. Alcaldesa aclara que escoitaron as 3 preguntas da veciña e que están de acordo en manter os postos de traballo en Moaña, é insta a que escoite a Don Odilo.
- Don Odilo Barreiro aclara que a maioría da reunións que tivo el sempre foron coas traballadoras, non co empresario co que tivo só unha reunión. Segue explicando, e pide que conste en acta, que todo este problema xurde a raíz dun expediente urbanístico incoado no mes de febreiro de 2015, cando el non tiña ningún tipo de responsabilidade en Urbanismo, a partir de aí xa é unha orde de paralización das obras por estar superando o establecido na legalidade.
- Interrompe a veciña.
- A Sra. alcaldesa insta a escoitar a resposta.
- Don Odilo continúa explicando que cando chegaron ao Goberno íase facer unha publicación, dende febreiro era coñecido publicamente, saíra na prensa que había un expediente urbanístico incoado á fabrica que Conservas Iglesias pretende poñer en funcionamento no río da Fraga. Cando chegaron ao goberno, íase remitir ao BOE a comunicación coa orde de paralización porque non a daba recollido o empresario cando se enviaba á nave de Ojea. O expediente estaba incoado, e antes de mandalo ao BOE, Urbanismo decidiu facer outro intento mandando ao notificador do Concello á fabrica onde estaba o construtor que realizaba as obras, o cal colleu a notificación, a partir de aí que viu o avogado da empresa, e os da empresa, e púidose comezar o período que leva calquera incoación dun expediente. O Concello, con a vontade de contestar, explicar e dar razón da situación, mantivo unha reunión coa alcaldesa, o avogado da empresa, o arquitecto das obras, 2 empresarios, e os técnicos de Urbanismo do Concello, para dar razóns de como estaba o expediente; chegando ao acordo, sendo entregada a notificación de paralización ao empresario, de que eles tiñan que facer un novo expediente que adecuase as obras á legalidade urbanística, e que dende o Concello non se ía por ningún tipo de atranco.
- Unha veciña alega que xa os puxeran.
- Continua Dn. Odilo Barreiro explicando que a presa do empresario e a causa dunha subvención.
- Increpa a veciña que tal subvención remata agora.
- Dona. Leticia chama á orde.
- Don Odilo ofrece facer dende o Concello un informe da situación urbanística da parcela onde vai funcionar a fábrica para que puidera xustificar non perder esas subvencións. Todo expediente urbanístico conleva un proceso, de recursos, contestar aos recursos, aparte de presentar un proxecto de legalización das obras que foi o que se fixo estando en exposición pública dende o 28 de agosto ata o 20 de setembro, saíndo publicado no Faro de Vigo, rematando agora o período de exposición, o Secretario fai un Certificado e enviáselle todo a Urbanismo, da Xunta, para que fagan o seu informe e conclusións. No período de exposición presentáronse tres alegacións, que resolverá tamén Urbanismo da Xunta, que fan referencia sobre todo a cuestións medio-ambientais e de dereitos da zona de policía que Augas de Galicia mantén no río, e que, recollidas no Concello, son reenviadas a Urbanismo quen resolve. Explica, hai tres zonas de afectación, a de augas de Galicia, a parte da zona verde que é competencia de Urbanismo da Xunta, e a parte que corresponde ao Concello. O problema do solo urbano non consolidado é que só permite obras de conservación e mantemento, e alá por xaneiro do 2.015 o Inspector de Obras descubriu que o realizado alí excedía

a mera conservación e mantemento, debéndose adaptar as obras, sendo a parte da competencia municipal a máis fácil de resolver por non afectar a zonas básicas de produción da fábrica, en canto o adaptarse á legalidade non imposibilita o funcionamento da fábrica. Sendo un o expediente, resólvese conxuntamente. Respecto ao gas, explica que a solución tela dun día a outro.

- Interrompe a veciña dicindo que "non se nota".
- Don Odilo explica que no proxecto presentado non aparece a necesidade do subministro de gas, podendo ser despiste dos arquitectos, non contéplase en ningures que vaia haber un funcionamento con gas. Sendo irrelevante en canto Urbanismo conteste afirmativamente, no momento en que o Concello revise que as obras se adecuaron á legalidade e teñan Licenza de Actividade, ao día seguinte o gas está na rúa. Aclara que o Concello non ten a última palabra, debendo esperar a que Urbanismo decida. Expón que dende o Departamento de Urbanismo do Concello sempre se estivo a disposición dos traballadores e das traballadoras para calquera aclaración durante o proceso e mantivo varias reunións, coas delegadas da fábrica de Cangas, á cal asistiu o Arquitecto Técnico Municipal para responder a calquera pregunta do Comité de Empresa da Fábrica. O Concello non pon atranco ningún a que se resolva canto antes, recollendo un expediente, iniciado antes de chegar este equipo de Goberno, ao que, como aos demais, déuselle trámite, sendo tan escrupulosos con Conservas Iglesias e a fábrica do que era antes Cruzmar como con calquera veciño. Se a un veciño se lle exige cumprir a legalidade urbanística, aos demais o mesmo, sexa quen fora, lembra que o quipo do Concello de Moaña, no seu acordo, deixou claro que se ía cumprir a legalidade urbanística, tomando decisións sempre en base a Informes técnicos e xurídicos. Respecto ao preguntado sobre ás peticións feitas, aclara que están en trámite o que supón fotocopiar moitos folios. Ao avogado explicóuselle a situación. Agora a pelota está no tellado da Xunta.
- Unha veciña ofrece a fotocopialo na súa casa.
- Don Odilo di que que os expedientes non se poden levar a domicilios particulares.
- Unha veciña di que é "mentira" e pide falar. Di que a Xunta foi facer unha inspección, tamén Augas de Galicia e todo o ten o Concello, o ten ela, conforme todo está como ten que estar, a Xunta de Galicia díxolles que o problema está no Concello. Respecto as obras, non foron a máis, o único que se fixo foron paredes, os vestiarios que se cambiaron, as duchas, as ventás que antes eran máis grandes, unha porta.
- Aplausos no Salón.
- A veciña indica que hai unha abella mala no Concello interesada en que Conservas Iglesias non funcione, e son 90 postos de traballo e como non se solucione antes do día 8 de Outubro van os 90 postos de traballo ao tacho e a empresa tamén porque hai unha subvención, e pide por favor que xa que foron pedir o voto que fagan algo por Moaña. Ela leva un ano sen cobrar e agora ten oportunidade de traballar. Engade que que é mentira que sexa un problema da Xunta.
- Don Odilo indica que traía o papel da Xunta.
- A Sra. Alcaldesa indícalle a veciña que non poden lanzar unha acusación de que haxa unha intención de prexudicar o proceso sen deixar aclarar as cousas. O mesmo Informe que a veciña ten está no Concello dende o primeiro momento, no expediente e un informe da APLU. Indica que non consinte que diga que teñen unha intención porque non é certo,
- A veciña insiste con que hai unha abella mala, pero que non dixo que fora ela ou outra.

- A Sra. Alcaldesa indica non se da por aludida, aclara que non é certo que esa acusación ou insinuación de que se queren prexudican postos de traballo, non poden lanzar cousas, un mensaxe, sen deixar que se lle conteste, estando en rogos e preguntas.
- Don Odilo Barreiro aclara que é mentira que haxa unha man negra que quere paralizar. Se un informe está en contra da Lei poderían tomar medidas contra eles, e non pode tomar unha decisión a propósito de ser ilegal, e teñen que esperar pese a saber que teñen presa
- A veciña interrompe novamente indicando que levan 3 meses así.
- A Sra. Alcaldesa ante os murmurios reclama respectar a quenda de palabra, reclama silencio por favor, e solicita que pidan a palabra para falar.
- Don Odilo Barreiro indica que neste proceso agora ten presa a empresa cando dende febreiro ata xuño negouse a recoller a notificación, mandóuselle por correo certificado cuxas cartas non recolleron, só empezaron os empresarios a preocuparse por o tema cando recolleu a orde de paralización o construtor que estaba alí, e eles mesmos entrabaron un novo Proxecto porque había alí obras dende o punto de vista urbanístico ilegais, foron eles (a empresa) os que non trataron de resolver o tema canto antes, estamos en setembro co tema sen resolver por culpa de perderse 4 meses, e agora hai que mandalo a Xunta.
- Unha veciña apunta a veciña que por parte da Xunta non hai problema.
- A Sra. Alcaldesa replican que non e certo pois o Informe non di iso, non valora a situación actual. Apunta que o prazo de exposición venceu estes días. Pregúntalle ao Secretario.
- O Secretario indica que esta semana, concretamente onte.
- A Sra. Alcaldesa explica que tiña que estar exposto ao público un prazo e o procedemento venceu onte, que asinou a Resolución e que se remitira á Xunta, que teñen a obriga de facelo e que non está mentindo.
- Don Odilo Barreiro explica que teñen que arranxar a situación con Urbanismo da Xunta de Galicia para que informen favorablemente, legalizar as obras que estaban ilegais, e que, estando a parte de Urbanismo da Xunta ben, a licenza de ampliación e a conexión téñena ao día seguinte.
- A Sra. Alcaldesa ofreceu facer un informe que xustifique que non tiveran prazo para non perder a subvención e que foi a empresa a que dixo que non querían que se lle fixera que non o necesitaban. polo que non se pode culpar ao Concello da perda da Subvención cando este ofreceuse a explicar ante o organismo que outorga a subvención o que estaba pasando. Foi a empresa quen dixo que non facía falta, polo que iso llo deberían reclamar aos propios empresarios.
- A veciña indica que está mirando chegar outubro e rematar o ano igual,
- A Sra. Alcaldesa apunta que no Concello tamén están preocupados porque queren que as familias traballen en Moaña e queren que unha empresa asente e pague os seus impostos en Moaña, non tendo nada en contra da empresa, pero hai que cumprir a normativa.
- A veciña di estar de acordo co de cumprir a Normativa, pero pide que se axilice.
- A Sra. Alcaldesa aclara que se axilizou o máximo posible, pero hai uns prazos legais establecidos.

- Don Odilo Barreiro explica que moitas veces se chamou ao estudo do arquitecto para que por favor enviara a documentación, que pasaban os días sen que a mandaran e que os técnicos do Concello chamaron ao estudo de arquitectura reclamando que a mandaran xa, coa maior celeridade posíbel.
- A veciña indica que, vindo o avogado da empresa ao Concello, tardaron 15 días en atendelo.
- A Sra. Alcaldesa o desminte.
- A veciña reclama que lles boten unha man.
- Don Odilo Barreiro explica que xa o fan e que actúan con claridade e publicidade e poden reunirse cando queiran, como xa fixo en varias ocasións, co Comité da Empresa, que pon a disposición a información dos técnicos do Concello, como xa se fixo no Salón de Plenos, ao arquitecto municipal, que non esconden nada, sendo a súa labor transparente e feita coa maior celeridade posíbel.
- A Sra. Alcaldesa insta á traballadora a que faga unha petición á empresa de cando foron comunicados todos os pasos que se tiñan que seguir e as datas de presentación no rexistro para ver quen dilatou o prazo, se a empresa ou o Concello, pois a empresa ten que presentalo no Rexistro e polo tanto leva un selo.
- Don Antonio Sánchez pregunta cantas alegacións foron presentadas.
- Don Odilo responde que 3, e aclara que os representantes municipais, como as persoas afectadas teñen acceso ao expediente. Explica que as tres alegacións refírense a cuestións medioambientais e da zona da policía do río.
- Pregunta a traballadora de Conservas Iglesias se iso xa se mandou á Xunta.
- A Sra. Alcaldesa responde que de non saír o mesmo día sairía ao seguinte pois o prazo rematara xa, que ela xa asinara a Resolución.
- Don Odilo Barreiro explicando que en canto o reciban en Urbanismo, e se poñan con el, axiña contestan ás alegacións, analizan o proxecto presentado e contestan.
- Intervén Dona Leticia para dicir que, no momento no que teñan a resposta da Xunta, convocarán aos interesados a unha xuntanza, como á empresa, para explicarlles o que a Xunta decida na xerencia de Urbanismo.
- Don Odilo Barreiro explica que dende o Concello non se atrasou nada, que os atrasos foron a causa da falta de recepción, por parte da empresa, da comunicación de que estaba incoado o expediente por irregularidades urbanísticas.
- A veciña alega que lles dixeran de Gas Natural que non lles daban permiso porque había un expediente na nave aberto.
- Don Odilo Barreiro responde que non é polo expediente.
- A veciña pregunta pola conexión de Gas Natural.
- Don Odilo explica que ten que haber unha actividade para a conexión do gas, que si pide conexión para unha leira sen construír e sen actividade, non lla dan. Indica que hai un erro admitido



polo Técnico Municipal xa que o proxecto presentado non contempla a demanda de gas natural para actividade, pero isto é doadamente resolúbel, en canto este todo correcto, ao día seguinte xa está o gas, ademais téñeno na porta e non hai que traer canalización. Insiste Don Odilo con que non se preocupen polo gas, que é algo de hoxe a mañá.

- Dona Leticia explica que tales alegacións non son de traballadores do Concello, senón de veciños.
- Don Odilo Barreiro apunta que unha das alegacións está asinada por varias persoas. Explica que o Concello ten que dar os pasos legais sobre seguro, que non poden cometer unha ilegalidade, e que dende o mesmo non se entorpece nada, que todo vai coa maior celeridade posíbel, e con toda transparencia.
- Replica a veciña que ela non sabe, que o que mira é que pasan os días.
- Dona. Leticia insta que lle pida á empresa informe de cando presentou todo o que se lle foi esixindo e requirindo a empresa se houbo dilatación nos prazos. Pídelle a veciña que se fixe nas datas da comunicación que ten na documentación.
- Don Odilo Barreiro indica que pode pasar que Urbanismo deixe pasar tres meses e non conteste.
- Unha veciña pide que se faga un carril-bici dende a Casa do Mar ata onde se fai o Mercadillo, e outro tramo sería dende "A Ramona" ata o Porto. Indica que actualmente, sobre todo nos días de Feira, é imposible andar coa bici por Moaña, e cando van pola estrada os condutores tamén protestan, lle gustaría houbera un carril bici e tamén aparcamentos para bicis en zonas puntuais, por exemplo o Concello ou o Médico.
- Responde Don Odilo Barreiro que o carril-bici está contemplado, nun proxecto de cara ao futuro dende o Fisgón ata a Casa do Mar, que iría pola parte de fora, sendo intención do Concello apostar por un Moaña sostíbel, e respecto aos aparcamentos tamén os imos a considerar, mesmo na Biblioteca, e, noutros puntos estratéxicos, na praia, etc.
- A veciña expón que lle gusta facer deporte, é imposible practicalo en zonas como a de sendeirismo do río da Ponte, por estar desaparecido o camiño nesa ruta, esta iso descoidado pide que se delimite por onde pasa, pois ademais esta sinalizado con carteis que indican tal ruta.
- Don Odilo Barreiro aclara que cando chegaron ao Goberno había un abandono total do que son os sendeiros.
- A veciña pide que se coiden os camiños , como o de Domaio que mantense só grazas a xente que pasa por eles.
- Un veciño a interrompe e di que o que fala está moi ben pero que fai é política a conta de ela.
- Insiste a veciña en que no é que se estea facendo política e que é que están así as cousas e parécelle mal que se estean a rir, e lle da igual que vaia en contra deles, e quéixase da falla de respecto que demanda dos presentes. É algo vergoñoso reitera.
- Intervén Don Odilo Barreiro explica que pretenden poñer en valor todos os sendeiros, pero impedindo a normativa da Xunta meterse nos cauces dos ríos.
- Don Antonio Sánchez di que tamén pasa o mesmo en Meira.

- Unha veciña di que no seu camiño ten que dar co coche case 300 metros cara atrás cando un entra e outro sae, e que pediran unha sinal para que non entren os coches por ser camiño cortado, e pediu que se limpara que isto xa foi o ano pasado e segue agardando.
- Don Antonio Sánchez preguntalle se é público ou privado.
- A veciña indica que o camiño é público, que a instancia esta feita, e que segue esperando. Pide que se faga.
- Unha veciña indica que pola mañá estivo falando dunha xuntanza coa Asociación de veciños na que unha das cuestións a tratar era sobre a limpeza, que se estaba limpando en zonas de Domaio, o pantalán, pero que tal zona non está limpa, a zona do parque está sen limpar, e non estiveron tal día os traballadores alí. Engade que lle gustaría saber sobre os traballadores do Concello, que tempo teñen de descanso, si media hora, tres cuartos de hora...
- A Sra. Alcaldesa respóndelle que o mesmo que teñen os traballadores que están no Concello que, por a xornada laboral que desenvolven, 20 minutos pero tamén depende.
- A veciña indica que non pode ser é que un traballador, segundo ten comprobado, estea tres cuartos de hora ou unha hora de bocadillo como ten visto e comprobado, collendo o coche do concello, indo a recoller aos traballadores por outros lados, a una distancia de un quilometro ou dous, e votar unha hora tomando o bocadillo, e se pregunta se é maneira de traballar. Queixase desta situación e da resposta que lle dou un traballador “unha palabrota”. Sinala que isto non é de agora que o levan facendo moitos anos. Pide que os traballadores do Concello cumpran co seu traballo e non estar paseando e votar unha hora de descanso todos os días porque todo iso o pagamos os contribuíntes cos nosos impostos. En referencia ao que lle dixeron de Domaio, que está sen cortar, en Domaio e en Moaña hai Comunidade de Montes que se preocupa moito cando é a hora de investir, de coller o seu diñeiro e facer as súas cousas, pero da limpeza dos montes non se preocupa, queixase de que o monte de Domaio está desastroso e todo o que conleva a Comunidade de Montes de Domaio dá pena, que non é de agora, é de moitos anos, fan o que queren, pero que en Moaña tamén. Pide que sexan as Comunidades de Monte as que poñan orde que fagan o que teñen que facer.
- Dona Leticia explica que sobre as Comunidades de Montes o Concello non ten competencia, réxense por unha lei da Xunta, e lle pide que concrete. Sobre as traballadores/as do Concello, teñen o seu tempo de descanso, e intención do noso equipo de Goberno controlar o persoal por se detectan que non fan o seu traballo ou non están traballando dentro da súa xornada laboral. Estamos moi carentes de persoal no Departamento de Servizos e no de Xardinería que é o que fai fundamentalmente ese tipo de limpeza e insta a axudar a identificalos, mesmo con fotos, que non se revelarán os datos de quen o mirou, pois non pode estar cun cronómetro controlando aos traballadores nin é a súa función tendo outras, pero sé axudaría se, anonimamente, unha persoa quere identificar a un traballador que está incumprindo. Sobre o tema da limpeza de Domaio, remite a cuestión a Dona Marta sobre o falado á mañá, pois Dona Leticia tiña constancia de que se estaba a limpar no parque e, de haber algún cambio, foi por cuestión distinta.
- Dona Marta explica que se comezou a limpar na zona de Domaio, zona do paseo pero, pola celebración de probas deportivas na fin de semana, houbo que desprazar aos poucos operarios que hai, estando o resto de vacacións, ás zonas por onde van pasar as probas, e que no momento no que rematen ditas zonas retomarán o que estaban facendo en Domaio. Hai 4 persoas e houbo que facer un desprazamento e unha desprogramación sobre o previsto que era que estiveran alí a semana.

- Unha veciña preguntando como demostra ela que ese traballador bota unha hora co bocadillo ou que non traballa.
- A Sra. Alcaldesa responde que facilite nomes xa que non pode acusar a unha persoa sen probas e tampouco estar detrás de cada traballador, que hai un capataz pero as cuadrillas están en distintas zonas.
- A veciña di que hai que ir por onde están os traballadores e mirar como se fan as cousas, e que o capataz é o primeiro en non dar o calo.
- Don Francisco Javier Carro o di que as Comunidades de Montes están suxeitas a unhas normas semellantes as de calquera cidadán. O Sr. Odilo lle mandou 41 notificacións á xente para que limpe o seu seto que sae á vía pública, e as Comunidades de Montes teñen terreos que dan ás vías públicas estando obrigados a mantelos limpos e a sacar aquelas árbores que están cerca das pistas. Polo tanto o Concello si ten potestade sobre as Comunidades de Montes.
- Aclaran Don Odilo Barreiro e Dona Leticia que non no monte, senón só sobre a vía pública.
- Don Francisco Javier Carro c indica que hai un persoa que co coche do Concello se dedicaba a facer reparto de mel polos kioskos. Comentouno nunha Comisión.
- A Sra. Alcaldesa pide que aclare quen era.
- Don Francisco Javier Carro sinal que era o electricista o de Domaio que está de vacacións agora
- Dna. Leticia pregunta que quen dos electricistas, pois cómpre ter coidado xa que o electricista está xubilado, e que día, pois non sabe se estaba facendo labouras para o Concello ou non.
- O Sr. Francisco Javier Carro responde que tres días antes da comisión estaba de chófer do coche, acompañado de outra persoa que supón que sería Javier Piñeiro Cancelas ao mellor porque foi o substituto del, porque segundo a nota que lle foi remitida que estaba a solicitude de emprego para a contratación laboral temporal dun oficial electricista para o Concello de Moaña, e que resulta que esta persoa que obtén a máxima puntuación vai ser o xenro do electricista: casualidades da vida.
- A Sra. Alcaldesa aclara que os partidos políticos non están nos comités de contratación, dos que están excluídos, sendo importante puntualizar isto.
- Don Francisco Javier Carro sinala que contrasta que sexa o xenro do que se xubile Pregunta pola adjudicación dunha obra o 19/08/2010 do Rosalía de Castro, de Domaio, por 406.204, euros, obra que fixo o bipartito que está gobernando, e pregunta se vai reparar ese centro.
- Dona Leticia explica que a empresa está requirida para a subsanación das deficiencias, que aínda está a fianza de esa obra no Concello.
- Don Odilo Barreiro explica que houbo un problema xa que primeiro tívose que valorar que as obras de reparación eran superiores ao aval depositado e, polo tanto, agora a empresa escollerá en facer as obras ou executarase o aval, debendo todo seguir un proceso legal.
- Don Francisco Javier Carro comenta o proceso legal do requirimento do aval para a reparación vai dende distinto camiño de si eu quero reparar e reparo.

- Dona Leticia apunta que a reparación levaría máis de 20.000 euros, cando é unha responsabilidade da empresa facelo porque foi unha deficiencia.
- Don Francisco Javier Carro indica que se a empresa non existe non vai facelo.
- Dona Leticia aclara que o problema estivo na recepción da obra con esas deficiencias.
- Don Odilo Barreiro indica que cómpre ter en conta que para poder efectivizar o aval hai que seguir uns pasos legais.
- O Sr. Francisco Javier Carro puntualiza que non dixera executar o aval, senón facer a obra. “Dígame vostede que non hai cartos.”
- Dona Leticia indica que si fai o Concello a obra sen facer os requirimentos e os procesos legais, nunca a empresa indemnizará por o que deixou mal no seu día, e solicitarán a devolución do aval e haberá que darlo.
- Don Francisco Javier Carro indica que o 4 de Setembro presentou unha solicitude sobre a Festa do Mexillón en cumprimento da trazabilidade do produto, recibindo como resposta, do Sr. Secretario, que non consta entre a documentación da secretaría que o Concello fose o organizador da Festa do Mexillón nin da Festa do Naseiro, porque a documentación solicitada deberá ser remitida aos organizadores de ditos eventos, baseándose este Informe de Secretaría no Real Decreto 2.568/1.986, do 28 de novembro. Indica o contido do artigo 124 dese RD. Fala das competencias do Concello, sobre seguridade en lugares públicos, abastos, matadoiro, feiras, mercado, establecemento, e defensa de usuarios e consumidores, actividades ou instalacións culturais, deportivas, ocupación do tempo de lecer e turismo..
- A Sra. Alcaldesa pide que concrete.
- Don Francisco Javier Carro cita a Lei 9/2013 do 19 de decembro do Emprendemento e a Competividade económica de Galicia, de autorizacións de verbenas e festas populares e o Regulamento europeo CE nº 853 do 2.004 do Parlamento Europeo do Consello de Estado do 28 de Abril polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal. Engade que pediu a trazabilidade do mexillón por estar feito nun lugar público.
- Dona Leticia reitéralle que o Concello non é o organizador da festa do mexillón, foi una asociación, a Asociación de Mulleres de Moaña, e que se quere esa trazabilidade lla pida á Asociación. O Concello foi patrocinador. Cando o Concello é organizador dun evento cómprese todo o necesario.
- Don Francisco Javier Carro indica que a responsabilidade é do Concello.
- Unha veciña intervén sobre o tema dos traballadores do Concello di que non cre que os veciños teñan que ser os “chivatos” de tal, e indica que co vehículo oficial do Concello, co que pagamos todos o gasóleo ou gasolina, xa estiveran en Doamio ou Tirán, ían recollendo aos demais e van á Xunqueira fronte ao aparcamento alí a un bar que non ten cartel nin de que é bar e están unha hora, unha hora e media, tres cuartos de hora. Se o responsable do departamento está alí as 10 da mañá ata as 12 poderá comprobar. Cita aos xardineiros electricistas, xardineiros... e entende que si están en Domaio hai establecementos dabondo en Domaio para ir tomar o “bocata”, porque teñen 20 minutos.

- Don Javier Carro mostra expón o seu problema co xefe de xardineiros, por dicirlle que tiñan 20 minutos para usar o coche oficial, que pagamos todos dos nosos impostos, e agora non lle fala. E tamén co electricista.
- Unha veciña pide a palabra e pregunta sobre o Colexio de Reibón no que hai preescolar, no que hai pedras atrancadas no camiño e non se pode usar a rotonda e non lle parece lóxico que iso estea así. Mostra a súa queixa xa que é a primeira vez que non cortan o lixo das beirarrúas polas Festas de Samertolameu, parecéndolle vergonzoso, xa que se cortou sempre.
- Don Odilo Barreiro explicando en base a un informe xurídico houbo que tomar unha decisión, pediuse a empresa que quitara as vallas e a empresa recorreu. Recoñece que non é moi operativo pero polo menos permite chegar ata alí.
- Unha veciña pregunta se é porque estaba sen pintar.
- A Sra. Alcaldesa explica que é porque non está entregada aínda a obra.
- A veciña pregunta pola estrada que vai para arriba que están os bloques de pedra, canto tempo vai tardar en estar aberta.
- Dna. Leticia explica como sobre os viais que son de nova construción non ten o Concello competencia. So podemos exixir que se abra o que existía.
- Don Odilo Barreiro explica que só púidose abrir o camiño orixinal que xa estaba. A empresa pechou o camiño para facer a obra se lle pide que deixen o mesmo camiño, exactamente, que había no seu día. O director do Colexio pediu que se pecharan os aparcamentos, dado o funil que se formaba ao final, complicaba a circulación e se abría a rotonda, prefería que se pecharan os aparcamentos para facer un sentido único. Estas medidas consensúanse coa comunidade Educativa
- Pregunta un veciño se sábese o prazo de apertura total.
- Don Odilo Barreiro responde que non, que é un conflito latente e hai unha urbanización que hai que entregar e o Concello ten que aceptar.
- Un veciño pregunta sobre a limpeza das beirarrúas.
- Dona Marta Freire indica que si é unha estrada da Deputación, correspóndelle a esta. Esta semana chegou un escrito da Deputación confirmando que ían acometer a limpeza e arranxo de todos os viais. No tema de Samertolameu, acalara que, por desgraza, non foi a única zona de Meira que quedara sen limpar pois tamén quedou a zona da Moureira, porque había persoal de vacacións e limpouse o que deu tempo. Como hai moita propiedade privada implicada na invasión de maleza na vía pública, se están mandando requirimentos, no caso de que o veciño non atenda ao requirimento e non limpe terá que limpar o Concello a parte que invade a vía pública porque o Concello carece de Ordenanza Fiscal Sancionadora nese punto para presionar a facer as limpezaas.
- Intervén outra veciña asistente, puntualiza sobre a falta de persoal, e din aquí que están de paseo e fan reparticións, e si o 70% do orzamento se vai en persoal, pregunta onde está ese persoal, si están tres horas de “cafecito”, e pídelle a Sra. Alcaldesa que non se rían dos cidadáns.
- A Sra. Alcaldesa indica que este Concello está escaso en persoal de servizos, o saben todos os que están dentro da Corporación pois teñen acceso ao número de persoal adscrito, sendo así que non se ten nin fontaneiro agora mesmo, viu por un plan de emprego un por 6 meses. Engade

que hai 6 limpadoras de baixa a día de hoxe, e moitos de eles son de longa duración, nalgúns casos doenzas moi graves, moitos deles están polo Plan de Emprego, o cal trata de contratar a persoas que levan moito tempo desempregadas, fora do mercado laboral, para darlles unha oportunidade e podan ter eses meses unha contraprestación ou facer un traballo. Pedimos a Xunta de Galicia poder substituílos por baixa, pero a Xunta dixo que non se podía. Este ano só temos unha brigada para desbroces, cando sempre tiñamos outra para limpeza de praias. Tiñamos que decidir entre desbrozar para as festas ou limpar os areais. O limpa-praias e o brazo desbrozador que ten o Concello para limpeza, van conectados ao mesmo tractor, se o tractor está na praia non pode estar desbrozando. O limpa-praias do Concello é moi antigo, segundo informan o capataz de Servizos e os mecánicos. Debéndose facer a retirada das algas a man o cal require operarios, que por iso xurdiron problemas. Este Goberno entrou estando o Plan de Emprego en marcha e na limpeza se priorizan os Centros de Ensino, para ter os colexios en boas condicións antes do 10 de setembro. Recoñece a falta de persoal o cal supón o 60%, do gasto, pero temos pouco persoal nas brigadas. Non se foron repoñendo moitas das xubilacións, e estes postos ocupan realmente a carga salarial máis baixa no Concello. Sobre os que non traballan compre actuar.

- Dona Rosa Solla pregunta cantas contratacións se fixeron a través da Deputación, a través do RISGA e cantas a con fondos propios do Concello.
- A Sra. Alcaldesa indícalle que pode consultalo ela mesmo.
- Unha veciña indica que os presupostos de persoal son o 60 ou 70% e pide que se xestionen os empregados públicos, que son pouco rentables. Pídelle que non aluda a que temos falla de traballadores.
- Don Francisco Javier Carro pide que se xestione o tema do persoal, que no informe di que non se amplíe máis a plantilla. Pide que se reconduzan porque ao mellor hai alguén que non está facendo o que debería ou que non cumpre. Fai referencia a unhas fotos que lle entrega a concelleira de servizos do parque de Meira, e pide que se arranxen múltiples deficiencias, ates de que se produza unha desgraza e que mentres non se arranxe se clausure.
- Dona Marta Freire responde que é consciente que hai danos importantes, no valado e en elementos de carpintería, e nos vindeiros días imos a realizar arranxos, e xa pedimos orzamento a unha empresa para arranxar diversas pezas. Temos tamén en marcha un proxecto para mellorar os parques infantís. Si os servizos municipais o a policía local observa algún elemento que deba ser precintado, farase.
- Don Francisco Javier Carro indica se un policía local ten un neno, será o mellor informe porque non deixará que vaia ao parque. Pide tamén que se soliciten as bandeiras azuis e comenta sobre a praia da xunqueira que non é adaptable.
- A Sra. Alcaldesa responde a Praia do Con foi a escollida para destinar alí aos socorristas polo tema da adaptabilidade para xente con mobilidade reducida, e que hai unha cadeira anfibia.
- Don Francisco Javier Carro comenta que sexa repasada a normativa dos spray que ten a Policía Local para que se vexa como o spray é opcional, non obrigado.
- Don Ezequiel responde que iso adquiriuse antes de este goberno, a factura chegou despois.
- A Sra. Alcaldesa reitera que a autorización de gasto non foi feita por este Goberno, e que se o produto foi subministrado o provedor terá que cobrar, lembrando que en Intervención teñen todo a disposición.

E non tendo outros asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa acorda rematar a sesión ás 00:24 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sra. alcaldesa-presidenta, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº e praxe  
A alcaldesa

O secretario

Asdo.: Leticia Santos Paz

Asdo.: Adamantino Barreiro García.